

# Código



# Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 39 NOVEMBRO/DECEMBRO 2005 • PREZO 1€

todos es  
en internet

## A tecnoloxía, mellor entre multitudes

O panorama de congresos e feiras anímase co Nadal

### Nova Factory

A fábrica galega do audiovisual "indie"

### Salón Vigomático@

Dez anos de lecer tecnolóxico

### Ourense innovador en Expoenter

A feira á que ningún internauta pode faltar

### O país que quixo ser Wi Fi

Entrevistamos a Martín Varsavsky, responsable de FON

### Repasamos blogs en pantalla grande

Bitácoras: caldo de cultivo de cinéfilos

### Chega "Bully", o abusón do patio de colexio

A polémica sobre violencia nos videoxogos segue viva



# igomática@ 2005



16, 17 y 18 de diciembre, IFEVI

ACCESO RESTRINGIDO

usuario:

contraseña:

**entrar**

[¿olvidó su contraseña?](#)

jornadas técnicas

concursos de  
diseño gráfico

fotografía

redes

webs

composición de  
música electrónica

modding

y mucho más

telefonía

animación

noticias

regalos

[vigomatica.com](http://vigomatica.com)

## Feria de la Informática y las Nuevas Tecnologías.



### PC 3200 HT

#### Especificaciones técnicas

- Procesador 3.2 GHz con tecnología HT
- Memoria de cache: 1 MB
- Velocidad del Bus: 800 MHz
- Memoria RAM: 512 MB
- Disco Duro: 200 GB
- Unidad Óptica: Unidad DVD+R Doble Capa
- Conexion WLAN IEEE 802.11 b/g
- Ethernet Integrado 100Base-TX con interfaz RJ-45



caixanova



Fundetec



teleread  
COMUNICACIONES







## CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

### Director

Xosé María Fernández Pazos  
(director@codigocero.com)

### Subdirectores

Marcus Fernández  
(webmaster@codigocero.com)  
Carlos Ballesteros  
(cballesteros@codigocero.com)

### Redactores-Xefes

Fernando Sarasquete  
(redaccion@codigocero.com)  
Carlos Lozano  
(cuetorubio@yahoo.es)

### Redacción

Xabier Alcalá  
(Telecomunicacións)  
Damián Fernández (Linux)  
Manolo Gago (Opinión)  
Emiliano Gómez (Informática)  
David Lombardía (Nova  
Economía)  
Moncho Paz (Opinión)  
Modesto Pena (Redes)  
Víctor Salgado (Dereito)

### Publicidade:

Carolina Cruz, Ruben G. Pedrero  
publicidade@codigocero.com

### Colaboraron neste número:

Carolina Cruz, Carlos Lozano,  
Manuel Gago, Modesto Pena,  
Antonio Domínguez, Pablo  
Grandío, David Lombardía,  
Mario S. García e Fernando  
Sarasquete

### Supervisión lingüística:

María Xesús Vázquez.

### Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Jofarpa.

### Edita:

Grupo Código Cero Comunicación  
UNINOVA.  
Políg. Ind. do Tambre Vía La  
Cierva, s/n (recinto Mercagalia)  
Código Postal: 15890 - SANTIAGO  
Tel. 981 51 96 00/93 63 24  
Fax. 981 55 77 07  
Móbil: 690 60 71 02  
http://codigocero.com  
redaccion@codigocero.com

### Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos  
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO  
Teléfono: 981 554 444  
correo@mundografico.net

### Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.  
Rúa Colón, 30 - VIGO  
Teléfono: 986 81 46 00  
Fax: 986 81 46 38

### Número 39

### Novembro/Dembro 2005

Publicación periódica  
Depósito Legal: C-2301/01  
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546  
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

## neste número...



A axenda de congresos, exposicións e feiras tecnolóxicas é estes meses de decembro e xaneiro tan completa que se cadra estaría ben ir pensando en poñerse en forma (física e mentalmente), tal é o volume de información que nos vai ser subministrado. Se miramos a axenda do ano pasado veremos que é máis reducida, o que podería facernos concibir certas esperanzas (moderadas, claro) no que respecta ó despegue dixital e innovador de Galicia. E dicimos, entre parénteses, o de “moderadas”, porque cómpre intentar poñer os pés na terra e lembrar que os días previos ó Nadal soe rexistrarse moita actividade “feirística” en todo o territorio de España, así que é posible que (mágoa) non sexamos finalmente a excepción de ningunha regra. Pero deixémonos de dar tantas voltas: hai ou non hai actividade tecnolóxica en Galicia?

Nós cremos que si. A xente quere saber. Quere información. Ou é que se ían organizar todos estes encontros dos que falamos nas páxinas interiores senón estivese asegurada a concorrencia de público? Hai moitas preguntas que facerse, e un país que pregunta é, posiblemente, un país que vai polo camiño axeitado. Por exemplo: cales so os portátiles máis axeitados para as nosas necesidades? Que conexión a Internet nos pode satisfacer máis? Que opcións temos de adquirir unha pantalla de plasma de alta definición para ver os nosos filmes favoritos? E que pasa cos móbiles, que cada vez teñen máis funcións e vantaxes e corremos o risco de perder o rumbo entre tanta denominación tecnolóxica? A listaxe de preguntas é tan longa como se poida imaxinar, pero de seguro que habrá unha resposta axeitada para cada unha delas en salóns como Expoenter,

Vigomátic@ ou Mírate, encontros que se van celebrar nos vindeiros días en diversos puntos de Galicia. A estes, hai que engadir outro tipo de celebracións máis dirixidas a un público especializado (ese público que ten preguntas, pero tamén algunha que outra resposta debaixo da manga). É nesa liña onde hai que situar Nova Factory, un certame do audiovisual que tamén é punto de encontro do cine e a televisión que raramente verías nas cadeas xeneralistas a horas punta, pero que existe, está aí, e achega ideas, coñecemento, cultura e tamén riqueza. Nas páxinas interiores de Código Cero poderedes atopar información sobre este festival galego que se vai celebrar en Perillo a partir deste xoves 1 de decembro, como tamén poderedes ler todo o que van dar de si as Xornadas sobre Documentación e Poder na Sociedade da Información que organiza o Consello da Cultura

Galega en Santiago.

Asemade, deixamos aproximadamente a metade da revista para falar das cousas de costume que, non por ser de costume, deixan de ser novas. Por exemplo, seguimos a facer repastos polo máis interesante de Internet, dedicándolle unha páxina ó que está a dar de si a cinefilia no panorama blog (e viceversa) ou reservando dúas páxinas para facer reconto de exemplos de mal gusto no deseño web (coa nosa sección *Que fixen eu para linquear isto?*) Tamén temos algunha exclusiva, como a crónica do congreso sobre comunicación social e ciencia que tivo lugar hai uns días na Coruña ou a entrevista que o noso colaborador David Lombardía lle fixo a Martín Varsavsky, que está a presentar o seu proxecto FON, unha iniciativa para converter o país nunha grande comuna Wi Fi.

## firma invitada

Lei de Internet: consellos para que non nos leve por diante **4**

## novas

Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

Entrevista con Pablo López, xerente de Hacce, que nos fala de accesibilidade web **10**

A Xunta fai entrega dos seus premios de investigación dentro da Semana da Ciencia **111**

Crónica do Congreso sobre Ciencia e Comunicación Social celebrado na Coruña **12**

O salón Vigomátic@ resume a partir do 16 de decembro dez anos de lecer tecnolóxico **13**

Nova Factory: o encontro “indie” galego do audiovisual **15**

A feira Expoenter trae a Galicia a tecnoloxía que nos interesa **16**

O IFEVI acolle entre o 26 e o 28 de xaneiro o salón Mírate, o escaparate da imaxe **18**

O Consello da Cultura Galega organiza a partir do 30 de novembro as Xornadas sobre Documentación e Poder na Sociedade da Información **19**

Foro Ineo: estratexias para o desenvolvemento empresarial de Galicia **20**

Novas dende as JAI: a comunicación entre universidades e empresas é posible **21**

Os blogs alimentan a cinefilia... e viceversa **25**

As redes Wi Fi ábrese camiño nos concellos galegos (un exemplo: A Estrada) **27**

## que fixen eu para linquear isto?

Repaso por todo aquilo de Internet que nunca debeu terse feito **22**

## xogos

A violencia nos videoxogos segue a crear polémicas (xustificadas?) **28**

## opinión

A estraña relación que existe hoxe en día entre os ximnasiaos e o desenvolvemento de reprodutores mp3 **30**



Sale publicada en el Boletín Oficial del Estado (12/07/2002) la Ley 34/2002 de 11 de julio de Servicios de la Sociedad de la Información y de Comercio Electrónico. Algo que, de por sí, no ha de suponer más controversia, sólo la genera en realidad cuando se comienza a exigir su cumplimiento. Esta claro que hoy, cualquier persona puede tener su página web y si queremos mantener nuestro sitio le decimos a un amigo que lo confeccione y nos lo cuelgue del modo más económico. Sin embargo, debemos reconocer que tal *maremagno* de sitios en la red nos genera confusión, y realmente en determinado momento no sabemos si estamos contratando con una empresa seria o nos estamos poniendo en manos de piratas *weberos* que con los mejores medios interpretan los contenidos a su favor y también puede que nuestros medios económicos.

Por ello, y aunque toda regulación parece mala, sin embargo hemos de reconocer que es necesaria en la medida que garantice nuestros propios intereses. Ya han transcurrido tres años y lo cierto es que el grado de cumplimiento de las obligaciones legales sobre el uso y presencia en Internet, es a día de hoy alarmantemente bajo, incluso en las meramente formales.

Este artículo no es para alarmar, sólo para enterarnos, quizás al leerlo nos sorprendamos de que algo que observábamos cómo necesario ya esta regulado y por desconocerlo no lo aplicábamos, quizá para beneficio de nuestros clientes o bien para el nuestro propio.

Todos sabemos que la mejor forma de fidelizar a nuestros clientes es proporcionando información y seguridad jurídica, los objetivos alcanzados pueden desvanecerse por incurrir en simplicidades e presentaciones rompedoras que evitan cualquier formalismo legal y jurídico.

No entramos aquí a detallar cómo, cuándo y por qué se incumple la regulación, sin embargo sí que queremos decir que la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información del Ministerio de Industria, Turismo y Comercio ha iniciado una campaña de inspección de oficio del cumplimiento por parte de las *web-sites* de las referidas obligaciones formales.

Las inspecciones se realizan por medios telemáticos sin necesidad de notificar o emplazar al inspeccionado, dada la especial naturaleza virtual del entorno objetivo de la inspección. La consecuencia de estas revisiones

practicadas, si se detectan presuntas infracciones, es la apertura de expediente sancionador que luego se traslada al afectado.

Las infracciones más comunes puestas en evidencia tras las actuaciones de revisión de una página Web son las siguientes:

1º No constar en la web la comunicación al Registro Mercantil del nombre del dominio.

2º No ofrecer información de forma permanente, fácil directa y gratuita sobre los siguientes extremos:

- Los datos de su inscripción registrada a la que se refiere el artículo 9 de la LSSI.
- Datos relativos a la autorización administrativa necesaria para el ejercicio de su actividad, así como la identificación del órgano encargado de su supervisión.
- El número de identificación fiscal.

Estas son algunas de las infracciones más corrientes, sin embargo los requisitos legales son más puntuales. La tipificación de las anteriores infracciones son calificadas en el artículo 38 de la LSSI como leves, lo que puede acarrear la imposición de sanciones de hasta 30.000 euros por cada una de ellas, algo que para un caso tipo de inexistencia de lo que en la jerga de Internet se conoce como Aviso Legal, puede implicar una propuesta de sanción en torno a los 120.000 euros.

La complejidad y el coste para subsanar las carencias legales no son excesivos y están al alcance de cualquier economía, tanto más cuanto nos ahorrarán con muchas probabilidades el coste de la sanción.

El cumplimiento de las obligaciones de la LSSI en el caso de que la página web realice actividades:

- B2B.- Relaciones comerciales con otras empresas.
- B2C.- Relaciones comerciales con consumidores finales particulares

Complica notablemente la cuestión, lo cual implica encarecimiento de las soluciones, pero no hay que perder de vista el horizonte de que en este supuesto estaríamos hablando de infracciones graves o muy graves, con sanciones acumuladas de varios centenares de euros. En ocasiones, y éstos son unos buenos ejemplos, no vale la pena complicarse la tranquilidad y la imagen de nuestros clientes arriesgando mucho por muy poco.

**Ya han transcurrido tres años y lo cierto es que el grado de cumplimiento de las obligaciones legales sobre el uso y presencia en Internet, es a día de hoy alarmantemente bajo, incluso en las meramente formales.**

## Ley de Internet: consejos para que no nos lleve por delante





## Movistar comercializa un móbil configurable en galego

A Mesa pola Normalización Lingüística vén de anunciar que Movistar lanzou ó mercado español un teléfono móbil coa opción do galego.

Ata o momento só Alcatel tiña terminais coa nosa fala incorporada nos mesmos, pero agora o Grundig 402i (fabricado por Vitelcom) incluso integra o dicionario predictivo T9 en galego, o que fai máis doado e rápido o envío de mensaxes SMS. O

terminal tamén é moi completo no tocante á multimedia, permitindo a gravación e reprodución de vídeo e a sintonización de radio FM. Permite comunicacións Bluetooth, infravermellos e USB.

## BenQ Mobile lanzará en 2006 un móbil con recepción de televisión

Durante a celebración do SIMO, Ricardo Gómez, responsable de BenQ Mobile (compañía que adquiriu o negocio de móbiles de Siemens), anunciou que a súa compañía lanzaría durante o segundo trimestre de 2006 un móbil que permitiría a recepción de televisión dixital terrestre (mediante tecnoloxía DVB-H).

O prototipo do terminal amosouse na feira que ten lugar estes días en Madrid, tratándose dun móbil ó máis puro estilo PDA (con grande pantalla).

## A web galega Pola Senda Verde convida ós seus usuarios a medir o seu nivel de gravidade ecolóxica

Sinalar un único culpable nos problemas de contaminación que sofre o planeta Terra non semella unha boa estratexia a seguir. Máis ben, o lóxico sería sinalar a todos os seus habitantes, malia que si que é certo que hai diferentes niveis de gravidade medioambiental. Ata que punto exacto somos cada un de nós responsables do cambio climático? E, en base a iso, que podemos facer para suavizar ou eliminar (se é posible) o noso impacto?



Este é un dos piares sobre os que sostén unha iniciativa presentada a través da web galega Pola senda verde, páxina en proceso de construción que naceu coa vontade de ofrecer consellos útiles para a conservación da natureza, ademais de todo tipo de novas e reportaxes variadas. Unha destas ferramentas é a sección Miña pegada ecolóxica que, como xa dixemos, trata de avaliar cun test de 16 cuestións o nivel de agravio medioambiental do internauta que estea conectado nese intre.

A enquisa, que foi elaborada por dous prestixiosos grupos ecoloxistas a nivel mundial, Earth Day Network e Redefining Progress, permítenos coñecer, no suposto de que tódolos habitantes do planeta vivirán como nós, cantos mundos serían precisos para manter o noso ritmo de polución. O test move, sobre todo, á reflexión, e axuda en certa medida a revisar o noso xeito de vida, máis ca nada no que se refire ó uso do transporte, os gastos de enerxía innecesarios ou algo tan cotiá como o consumo de alimentos.

Na enquisa, doada de encher, solicítasenos información sobre a cantidade de alimentos de orixe animal que consumimos, sobre o lixo que xeramos ou sobre o tamaño da nosa vivenda. Máis información en [www.porlasendaverde.org](http://www.porlasendaverde.org)

## Vigo e Lugo son xa (oficialmente) Cidades Dixitais galegas

Xa o sabíamos dende hai tempo pero hai días recibimos a confirmación: Vigo e Lugo xa son Cidades Dixitais, novos membros dun "club" que xira en torno á e-administración e do que xa forman parte A Estrada, As Pontes, Vilalba e -aínda en fase "embrionaria"- Verín, Redondela, Monforte e Ribeira. A noticia das incorporacións oficiais foi dada durante a celebración da Noite Galega das Telecomunicacións (organizada pola AETG) coa sinatura dun convenio asinado entre o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño e o secretario de Estado de Telecomunicacións, Francisco Ros.

O acordo contempla a ampliación do plan Cidades Dixitais ás cidades de Vigo e Lugo, proxecto que trata de aplicar as vantaxes da Sociedade da Información ó diálogo entre administración local e cidadáns.

É dicir, facéndoo máis fluído, máis interactivo e, sobre todo, máis cómodo. Cómpre sinalar que o acordo asinado foi o primeiro realizado en Galicia entre varias administracións (Goberno central, Administración autonómica e concellos) con sinatura electrónica. Para rematar, dicir que os "subproxectos" Vigo Dixital e Lugo Dixital levaranse a cabo a través dun achegamento global de máis de dous millóns de euros, dos cales 1.535.000 euros destinaranse a Vigo e 698.405 achegaranse á cidade lucense.

## Máis de 3.000 galegos participan xa no concurso Entra e Navega

A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual quere facer internautas en Galicia. Con este fin, e para que non se identifique a Rede como algo árido e aburrido, puxo en marcha hai unhas semanas o programa Entra e Navega, unha iniciativa que inclúe dous xogos para ser postos en marcha a través das bibliotecas do noso país. O programa xa está a dar os seus primeiros froitos, e Comunicación Audiovisual achegou a finais de novembro unhas cantas cifras: hai xa 3.406 persoas inscritas, sendo a provincia da Coruña a que máis participantes achega, 1.469, seguida de Pontevedra con 928.



Cómpre lembrar que o concurso ten os seguintes obxectivos fundamentais: achegar internet aos cidadáns dun xeito lúdico, difundir o seu uso como unha nova ferramenta de comunicación e dar a coñecer a rede pública de puntos de acceso a internet que existe na actualidade en Galicia.

O concurso está baseado en dous xogos interactivos, Xerencia de biblioteca e Camiño de bibliotecas, e en total participan 120 bibliotecas galegas: 46 da provincia de A Coruña, 26 de Lugo, 22 de Ourense e 26 de Pontevedra. Máis información en [www.entraenavega.rbgalicia.org](http://www.entraenavega.rbgalicia.org)

## EGANET e FEGADAI representarán a Galicia na nova confederación española de empresas TIC

A unión fai a forza, e na Sociedade do Coñecemento este lema funciona tan ben como en calquera outro aspecto da nosa vida cotiá. Así o entenden as asociacións empresariais tecnolóxicas de Galicia (EGANET e FEGADAI), que veñen de sumarse a un proxecto español chamado CONETIC, Confederación Nacional de Empresas de Tecnoloxías da Información, Comunicacións e Electrónica.

Esta iniciativa, que nace do esforzo de ata 14 colectivos do sector, ten o seguinte obxectivo fundamental: dar resposta á demanda das pequenas e medianas empresas do sector ante as diferentes administracións, a globalización dos mercados ou a evolución das necesidades tecnolóxicas. O presidente desta confederación será Miguel Ángel Gracia, situado ata o de agora á fronte doutra entidade, AETICAL. CONETIC contará coa participación de máis de 1.7000 empresas do territorio español, representando a case 30.000 traballadores e cun investimento de 92 millóns de euros en Investigación e Desenvolvemento.

## Arnold Schwarzenegger e Jackie Chan: xuntos contra a piratería

O actor e actual gobernador de California Arnold Schwarzenegger uniuse co tamén actor Jackie Chan para protagonizar unha campaña para combater a piratería cinematográfica en China. Schwarzenegger estivo 6 días no país asiático nunha misión comercial, pero o que chamou a atención foi a súa chegada a Hong Kong, onde presentou con Chan un anuncio televisivo de 30 segundos dirixido por Jonathan Mostow (que coincidira co gobernador de California en *Terminator 3*).

No anuncio amósase unha escena de acción na que os actores enfundados en coiro enfróntanse a múltiples perigos mentres falan do problema da piratería, rematando coa frase "Let's terminate it" (acabemos con ela).

**Gaelic**

Un excepcional encontro de coñecementos e experiencias entre rexións europeas, promovido polo programa rexional de accións innovadoras GAELIC, que reúne a 5 grandes expertos en diversas áreas da mellora competitiva das empresas.

### "Rexións Europeas Que Aprenden"

<p>"A aprendizaxe e a innovación como xeradoras de riqueza na nova economía do coñecemento". Prof. José M<sup>a</sup> Viedma</p>	<p>"Cidades e espazos urbanos en transformación grazas a novos mapas de empresas innovadoras". Sr. Sascha Haselmayer</p>	<p>"As marcas globais". (Piace Brands) Sr. Christer Asplund.</p>
<p>"Xestión do Coñecemento para a internacionalización das PEMS Galegas: GAELIC". Prof. José Cabanelas Omil</p>	<p>"A demarcación notal-global de xeración do coñecemento: o caso de Bresund". Prof. Jan Annerstedt.</p>	<p>Mesa redonda cos conferenciantes "Factores de éxito e estratexias para o desenvolvemento rexional". Modera: Prof. Cabanelas Omil</p>

**Xornada 30 Novembro 2005**  
Centro Social Calzanova (Rúa Policarpo Sanz 24, Vigo)

Preinscricións e información:  
[www.regionesqueaprenden.com](http://www.regionesqueaprenden.com)  
Teléfono de Información:  
+34 985 213 509 (Natalia Diaz)

Xornada dirixida a empresarios e institucións vinculadas. Cabida limitada.



## Estados Unidos logra reter a tutela sobre o goberno técnico de Internet

O cumio de Túnez sobre a sociedade dixital, que reúne a 170 países, abordou un dos temas pendentes resolto, polo momento. Varios países querían quitar a Estados Unidos a tutela que exerce sobre a xestión técnica de Internet e atribuílla a un organismo multinacional.

O acordo de Túnez mantén o goberno técnico en mans da sociedade ICANN, pero encarga á ONU abrir un foro de debate antes de que remate este ano para estudalas políticas sobre Internet e mellorala presenza dos outros estados no goberno do mesmo.

O acordo final contenta a Estados Unidos porque ICANN mantén todas súas competencias, pero abre un foro multilateral que, en cinco anos, deberá resolver o papel dos outros estados nesta materia e a súa influencia sobre ICANN.

## Google, á procura das viaxes máis económicas que se ofrecen na Rede



Poucos son os que se desprazan hoxe en día polo mundo sen navegar previamente por Internet, á procura dos servizos ou ofertas máis vantaxosas. Google sabeo, como sabe moitas outras cousas que atinxen directamente ós usuarios finais, de aí que estea a probar os seus motores de busca para a localización dos mellores viaxes.

O buscador, que entra así en competencia directa con servizos como Sidestep e Kayak, ferramentas que fan “varridos” en Internet separando o gran da palla para ofrecer ós usuarios o que probablemente máis lles interese. Trátase, basicamente, de tarifas de baixo custe.

O novo servizo de Google poría ós internautas en conexión directa coas empresas que ofrecen as viaxes máis baratas. Este motor de busca en probas, a diferenza das axencias, non vende pasaxes, pero si que pode indicar onde adquirilas.

## A empresa galega Home Community está a crear comunidades virtuais de veciños en toda España

O concepto de cidade dixital non se reduce unicamente ó diálogo entre administracións locais e cidadáns. En realidade, o concepto dá para moito, sobre todo se pensamos nas utilidades das novas canles de información aplicadas á vida en comunidade. É aí, nunha nova maneira de entender a relación entre os veciños, onde está a traballar a empresa galega HomeCommunity, que centra gran parte dos seus esforzos en achegar a Sociedade da Información ós fogares e servizos a través do móbil, Internet e Televisión Dixital Terrestre (TDT).

A firma galega, que está a colocar os alicerces para as que ó seu xuízo son primeiras comunidades de veciños *on line*, pon a disposición dos seus clientes servizos como a Telefonía VozIP de balde (teléfono pola Rede), vixilancia do fogar vía Internet sen cotas mensuais, reserva de instalacións de deportes comunitarias vía móbil, sala de reunións virtual, salas de chat, zonas de lecer, disco duro virtual comunitario, e-mail familiar, administración comunitaria, servizo de *sms* entre veciños e centros de comunicación.

En definitiva, a liña de acción desta empresa galega é conseguir que as persoas que habitan as cidades sigan a ter a mesma vida en comunidade que ata o de agora, pero coas grandes vantaxes (inmediatez, aforro de tempo, esforzos e custes) que ofrecen as novas tecnoloxías da información. Cómpre sinalar que HomeCommunity está neste intre colaborando con algunhas das promotoras do eido inmobiliario máis importantes do país, sobre todo na zona de Levante, Andalucía e Madrid.

## Danielcohen.com: a web das fotos de famosos autografadas

Que en Internet está a venda todo o que se poida imaxinar é algo que está fóra de toda dúbida. Así a todo, non por sabelo se minimiza a sorpresa cando se atopan iniciativas como a da web de Daniel Cohen, onde se comercializan obxectos que non terían gran importancia e non valerían practicamente nada (son fotografías de actores, deportistas, políticos, cantantes ou artistas), senón fose por un detalle miúdo: inclúen os autógrafos dos retratados.



A web pon de manifesto, ademais, que todo está en venda e que non importa que as dedicatorias teñan valor persoal se logo chega unha mala época e precisamos reforzar a nosa economía (de súpeto lembramos que temos no faiado aquela imaxe dos Pecos asinada polo propio dúo en persoa).

Danielcohen.com, que funciona como un eBay en miniatura e especializado en fotos con autógrafos, inclúe imaxes con rúbricas de personaxes como Ben Affleck, Bruce Springsteen, Theodore Roosevelt (a máis cara de todas), Simon & Garfunkel, Keith Richards e Mick Jagger, Al Pacino e Michelle Pfeiffer (na rodaxe de *Scarface*, titulada en España *El precio del poder*), Peter Sellers ou Ronald Reagan. En primeiro lugar, e cun prezo de saída de 210 dólares, atopamos inmortalizada á lexendaria actriz Elizabeth Taylor na plenitude da súa carreira, e por un momento (por un breve momento) paseamos o punteiro por riba da opción “mercar”.

## O Plan de Extensión de Telefonía Móbil levará cobertura en condicións a 1.133 núcleos de poboación galegos



Ata 5.027 núcleos de poboación do territorio español vanse ver beneficiados polo Plan de Extensión de Telefonía Móbil que pon agora en marcha o Goberno trala adxudicación de frecuencias GSM-900 a Amena e Telefónica Móviles. En virtude deste acordo, mellorará a cobertura e se incrementará a calidade da conexión. Con este plan, os servizos de telefonía móbil chegarán ó 99% da superficie do país, situándose España (segundo informa o devandito Ministerio) á cabeza de Europa nestas estatísticas.

O proxecto achegará cobertura a 2.270 núcleos de poboación que hoxe en día non contan con ela, e mellorará a de outros 2.757, ademais de mellorar o servizo en grandes vías de comunicación. En base a estes acordos, Telefónica e Amena investirán nos vindeiros dous anos un total de 833,8 millóns de euros. Por Comunidades Autónomas, Galicia destaca con Castela-León como unha das grandes beneficiadas en número de concellos. Máis información en [www.mityc.es](http://www.mityc.es)

## Máis de trinta axentes europeos do audiovisual participaron na última etapa do EAVE, celebrado en Santiago



A máis recente convocatoria do programa EAVE tivo a súa recta final en Santiago, concretamente no Convento de San Francisco, onde se deron cita os representantes de once proxectos audiovisuais galegos e españois e 33 *decision makers* do sector a nivel europeo. Esta xuntanza, que trata de afianzar a relación entre os creadores galegos e as persoas que moven os fíos no mercado en Europa, tivo un balance moi positivo, segundo informa a Academia Galega do Audiovisual, quen foi a responsable de traer ó noso país este encontro “*de gran transcendencia internacional*”.

Nesta edición do EAVE, que contou en Galicia coa colaboración do seu coordinador internacional, o galego Enrique Nicanor, e máis da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, participaron un total de 33 “*tomadores de decisións*”, como Martin Pieper, de ZDF/ARTE, Enma Clarke de Film Commission de Reino Unido e Sue Bruce Smith, de Channel 4 Television.

Os encontros con estes axentes europeos e nacionais, que se denominan *pitchings*, foron un total de 566 ó longo desta última parte do programa en Compostela.

## Human Rights Watch anima ós bitacoreiros a sumarse á súa causa e protexer os dereitos humanos



Hai causas xustas e outras non tan xuntas. Hai tempo aproveitado e outro tempo que se nos vai sen deixar pegada. Segundo Human Rights Watch, unha boa maneira de empregar os nosos esforzos é facendo activismo a prol dos dereitos humanos no mundo. Por esta razón, e co fin de chegar á meirande cantidade de xente grazas ó uso das novas tecnoloxías, a devandita ONG convida ós bitacoreiros do mundo a defender a liberdade e protexer á xente de tratos inhumanos. Lémolo en Noticias.com, e logo de acudir á web de Human Rights atopamos a seguinte declaración de principios: “*Se tes un blog podes usalo como púlpito para erguer te con activistas e vítimas e previr a discriminación*”.

Esta ONG, que entende que o fenómeno blog significa que (por fin) Internet pertence ás persoas e non unicamente ás grandes corporacións, anima ademais a facer xornalismo cidadán, alí onde non pode ou non quere chegar o periodista dalgúns grandes medios. Ademais, a organización sen ánimo de lucro ofrece na súa web un sistema para axeitar os nosos blogs para as causas vinculadas á loita polos dereitos humanos. Máis información en <http://www.hrw.org/>

## R recibirá 39 millóns de euros da Xunta para levar a banda larga ó rural

O Consello da Xunta vén de aprobar unha resolución pola que concede á operadora galega de cable R unha axuda de 39 millóns de euros para levar as novas redes de telecomunicacións ós núcleos rurais e comarcais de Galicia, outorgando a subvención a Consellería de Innovación en catro anualidades ata 2008.



A axuda financiará o 29% do proxecto que presentou R para o espallamento da banda larga en Galicia, polo que o investimento total a realizarse ascende ós 134,6 millóns de euros.

26, 27, 28 y 29 de enero de 2006  
IFEVI. Instituto Ferial de Vigo

mirate

Primer Salón  
Profesional  
de imagen y  
comunicación

con la apuesta de **caixanova**



estaremos **todos**, ¿estarás **tú**?



... e interesantes **jornadas profesionales**

venta stands: 902 998 715\_ [www.mirate2006.com](http://www.mirate2006.com)



## O ITG e Innovación organizan unha xornada sobre facturación electrónica

O Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) e a Consellería de Innovación celebran este xoves día 1 de novembro unha Xornada sobre Certificación Dixital e Facturación Electrónica. O encontro, que servirá para afondar en temas como as solucións para acadar máis interoperabilidade entre as empresas, desenvolverase no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago entre as 10.00 e as 13.00 horas.

A xornada, que será de balde para tódolos interesados en acudir, contará coa participación do Centro de Competencias en Comercio Electrónico e TLR Soft, entre outras institucións e empresas que xa teñen facendo uso a cotío da facturación electrónica.

Para máis información, cómpre visitar a web do ITG: [www.itg.es](http://www.itg.es)

## Recoñecen a Coremain como unha das 500 empresas europeas de máis crecemento

Coremain vén de ser recoñecida por cuarto ano consecutivo entre as 500 empresas europeas de tamaño medio destacadas polo seu crecemento sostido e a súa capacidade de creación de emprego, materializándose este recoñecemento nunha gala en Barcelona onde o director xeral da compañía, Manuel Balseiro, recolleu a distinción outorgada á súa empresa.

A listaxe que deixaba en tan boa posición á compañía galega está elaborada pola organización *paneuropea* Growthplus e conta, entre outros, co patrocinio de Microsoft e KPMG, figurando na relación de empresas deste ano 17 compañías españolas, das que só 3 pertencen ó sector das Tecnoloxías da Información (Panda Software, Cadtech Ibérica e Sadiel).

## Unha empresa estadounidense experimenta con Internet de alta velocidade a través dos tubos do gas

Internet vén por onde menos o esperas, agora que xa todos pensabamos que o aire (*Wi-Fi* e *Wimax*) e a liña eléctrica (*Powerline Communications*) eran as canles máis insospitadas. Pero non. Hai unha canle aínda máis estraña, a dos condutos do gas. Descubrímolos vía Baquía, a información sobre unha empresa estadounidense chamada Nethercomm que asegura que pode ofrecer ata cen megabits por segundo a través dos tubos de gas previamente instalados. Entre outras cousas, isto significaría que poderíamos recibir servizos de voz, vídeo e Rede de alta velocidade a prezos reducidos, xa que non se require habilitación de novas infraestruturas.

O proceso é aparentemente sinxelo: trátase de situar transmisores e receptores sen fíos de banda ampla co fin de que operen dende os condutos do gas, sen impedir (por outra banda) a libre circulación do mesmo. Dito doutro xeito: poderemos quentarnos o leite da mañá sen perigo de que a descarga dun ficheiro especialmente pesado nos obrigue a beber o leite frío (asemade, a empresa norteamericana non indica nada sobre qué ocorrería coa calidade da rede logo dunha sesión intensiva de duchas continuas). A tecnoloxía que se vai usar é a de Ultra Wideband ou UWB, unha solución en probas que achega transferencia de información a alta velocidade.

O sistema podería ser axeitado para países cunha boa infraestrutura de condutos de gas, pero pouco se podería facer (cremos nós) en lugares onde estea operativo aínda, a gran escala, o vello e coñecido sistema de bombonas a domicilio.



## Love Labs presenta xoguetes sexuais para incorporar ó reprodutor iPod

Mirádeo agora, que aínda vibra. Isto parecen dicir os xestores de Microservos.com á hora de presentar estes días este aparello, metade reprodutor de música mp3 metade obxecto de estimulación sensual para señoras e cabaleiros.

A esta ferramenta, de suxerinte nome (*iBuzz Music Activated Toy*), lle andan a augurar unha escasa vida no mercado (dín que non vai tardar o día en que Apple se lle bote enriba polas licenzas de propiedade intelectual do seu iPod e as diferentes versións), pero non cabe dúbida de que é un dos obxectos máis rechamantes que se pode atopar estes días nos escaparates de Internet (nunha mesa chea de obxectos, a vista do usuario sempre acaba demorándose no obxecto que vibra...).

Cómpre sinalar, ademais, que este desenvolvemento da casa Love Labs non sae agora ó mercado mundial por casualidade, tendo en conta que o Nadal se achega a paso rápido coa súa urxencia de peticións e agasallos. Así fai as presentacións a devandita web: *"Un xoguete sexual superdivertido que se conecta ó teu iPod, a bala vibratoria activada pola túa música estímulate en sincronía coas túas cancións favoritas"*.

O que non se especifica é que efecto poden ter sobre o obxecto que vibra os diferentes tipos de música que nos deu o século XX. Como vibra Janis Joplin? Como se desenvolve Leonard Cohen? Deberíamos terlle medo a AC/DC?. Máis información en <http://www.lovehoney.co.uk/>



## Industria e 29 entidades financeiras ofrecen axudas para a compra dun PC conectado á Rede

Os vindeiros días, as familias galegas que o desexen poderán solicitar empréstanos para a compra dun computador con conexión a Internet por valor de 1.000 euros e a interese cero. Así o fixo saber José Montilla, ministro de Industria, quen asinou un convenio de colaboración cun nutrido grupo de entidades financeiras que operan en España para a posta en marcha desta iniciativa, que forma parte do Plan Avanza. No proxecto, chamado Fogares Conectados, colaboran La Caixa, Banesto e outras entidades (27) representadas pola Confederación Española de Caixas de Aforro (CECA).

A iniciativa, en liñas xerais, consiste nunha liña de financiamento a interese cero "para a adquisición dun paquete de conexión que consta de equipamento informático, conectividade de banda ancha e formación básica". O Ministerio achega 100 millóns de euros, e a pretensión é chegar a uns 100.000 fogares españois. Os interesados en beneficiarse destas axudas deberán solicitálas nas sés das entidades de créditos colaboradoras. Máis información na web [www2.mityc.es](http://www2.mityc.es)

## España está na cuarta posición mundial en penetración da telefonía móbil

Os datos distribuídos pola Unión Internacional de Telecomunicacións durante o Cumio Mundial da Sociedade da Información que se desenvolveu en Túnez sitúan á cabeza da telefonía móbil a Italia e Reino Unido, con taxas de penetración do 109,4% e o 102,8% respectivamente (o que indica que hai máis liñas que habitantes) seguidos por Taiwán (que anda polo 100%) e España (co 93,9%).

Deste xeito, os 38,6 millóns de liñas móbiles operativas sitúan a España nunha posición moi importante a nivel mundial no tocante á penetración, aínda que en número de liñas atopamos unhas cifras ben diferentes, xa que China ten xa 334,8 millóns de usuarios de telefonía móbil (o que supón unha penetración do 25,5%) e EE.UU. conta tamén con 181,1 millóns de liñas (cunha penetración do 61%). Entre os datos publicados poderíamos desbotar algúns mitos, como o caso xaponés, que conta co 91,5 millóns de liñas móbiles, o que só supón o 71,6% da súa poboación, polo que proporcionalmente estaría moi por debaixo do caso español ou do de países coma Alemaña (co 86,4% de penetración). Na cola mundial atópase a India, con 47,3 millóns de liñas, o que supón unha penetración do 4,4%.



## 1.000 comunidades de veciños ó día adaptan as súas instalacións para a recepción da TDT

A Federación Nacional de Instaladores de Telecomunicacións (Fenitel) anunciou que por termo medio un milleiro de comunidades de veciños ó día están a adaptar a súa instalación de antena colectiva para poder recibir o sinal de TDT nos seus domicilios (cun custe aproximado de 50 euros por fogar). Este ritmo de instalacións mantense dende hai uns días, e resposta á inminente chegada de novas canles o día 30 deste mes.

Miguel Ángel Gardía Argüelles, presidente de Fenitel, comentou que non consideraba razoable subvencionar as instalacións cando os propios receptores de TDT básicos superan o custo das mesmas (e precisan dun por cada televisor) e tamén subliñou que o desembolso a realizar polos usuarios é un investimento, xa que a partir do mesmo a TDT é de balde (non hai que pagar cota mensual).

## A AETG premia á CRTVG e a Xavier Alcalá pola súa contribución á tecnoloxía e ás telecomunicacións de Galicia

A Asociación e o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia resolveron a segunda edición dos seus premios, uns galardóns cos que se quere recoñecer o labor a prol da investigación e o desenvolvemento na nosa sociedade. Así, esta nova convocatoria do certame valorou o compromiso coas tecnoloxías da información da CRTVG co Premio A Nosa Rede. Segundo a AETG, o medio de comunicación público de Galicia ten contribuído dun xeito amplo a achegar as novas tecnoloxías á sociedade galega, á normalización lingüística e ó afianzamento dunha industria audiovisual puxante.

Asemade, a AETG escolleu a Xavier Alcalá como Enxeñeiro do Ano, debido á súa decisiva contribución ó desenvolvemento da profesión de enxeñeiro de telecomunicacións no noso país. A AETG tamén recoñeceu como Mellor Aplicación TIC 2005 ó sistema de trazabilidade dixitalizado do Porto de Celeiro, aparello que achega ós cidadáns completa información sobre o peixe que se consume na devandita vila. Asemade, premiou o espírito innovador da empresa Optare Solutions.

Cómpre sinalar que os premios entregáronse o 25 de novembro na Noite Galega das Telecomunicacións que se celebrou no Gran Hotel da Toxa.



## Santiago acolle unha xornada sobre a aprendizaxe "on line"

Adquirir coñecemento a distancia facendo uso de Internet é un xeito perfecto de entrar na Sociedade da Información. E pola porta grande. O Grupo Femxa e a Asociación Galega de e-learning queren dar a coñecer as vantaxes da aprendizaxe en rede (non presencial) e, a maiores, da propia Sociedade do Coñecemento. Con este fin, organizan o vindeiro 15 de decembro no Palacio de Congresos de Santiago a primeira edición da **Xornada Galega de E-Learning**.

Neste encontro, que se desenvolverá entre as 9.30 e as 19.00 horas, presentárase a Acción Piloto para Fomentar a Formación Continua, unha iniciativa orientada ó sector do comercio minorista do téxtil e que trata de subsanar as dificultades de acceso destas empresas ós beneficios das novas tecnoloxías. Para máis información, consultar [www.grupofemxa.com](http://www.grupofemxa.com)



exp<sup>o</sup>enter



# 6 salón

multimedia e das  
telecomunicacións

Xornadas Técnicas  
Concurso de Proxectos Tecnolóxicos

Ourense do 1 ó 2  
de decembro de 2005

Organiza:

  
Expourense



Colaboran:

 XUNTA  
DE GALICIA

 inorde

 CONCELLO DE OURENSE


 caixanova



 Cámara  
Ourense

 ceo

CONFEDERACIÓN  
EMPRESARIAL  
DE OURENSE

 XUNTA DE GALICIA  
DIRECCIÓN XERAL DE ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA  
e Servizo Xeral de Comunicación

 XUNTA DE GALICIA  
Dirección Xeral de Investigación,  
Desenvolvemento e Innovación



# "A accesibilidade é perfectamente compatible coa creatividade"

Quixemos saber en que consiste esa teima dalgúns desenvolvedores web por facer páxinas accesibles, e isto foi o que nos contou Pablo López, consultor e xerente de Hacce

*A accesibilidade web chega a Galicia e aínda quedamos moitos que non sabemos realmente que é unha web. Pensabamos que unha web de calidade era aquela onde había moitas cores e moito movemento, e nunca nos paramos a pensar porqué demo Internet tiña que imitar á televisión. Asemade, nunca imaxinabamos que había xente que non tiña maneira de acceder a moitas páxinas, e que polo tanto a Sociedade da Información era unha especie de "cousa" excluínte por partida dobre. Por exemplo, hai posibilidade de que unha persoa cega do rural poida chegar a ser internauta? O certo é que hai moitas redes posibles, e a que vemos cada día non é a mellor das que se puideron construír, sobre todo cando aínda hai administracións e empresas que non se preocupan por facer páxinas que poidamos ver e escoitar todos. Nós falamos con Pablo López, consultor e xerente da empresa Hacce de Vigo, e durante a conversa foron caendo perante os nosos ollos unha serie de mitos. Por exemplo: non é certo que as páxinas accesibles sexan máis feas. Ademais, segundo Hacce, son máis cómodas de utilizar e aparecen máis nos buscadores. Para máis información: <http://www.hacce.com>*



Pablo López é consultor dunha iniciativa empresarial galega que traballa por unha Internet máis xusta

FERNANDO SARASQUETE

**-Acabas de chegar das xornadas SIDAR de accesibilidade celebradas en Euskadi e, polo que me contas, os deseñadores vos sentíchedes un pouco como os "bichos raros", sobre todo perante os empresarios que contratan desenvolvementos web. Por que esa sensación?**

-A sensación é algo natural, porque estás a traballar nunha liña nova. Estás a dicir que hai que facer primar os contidos e o seu manexo fronte ao espectáculo visual. Chegas e pos o "como" ao mesmo nivel que o "que", para que dese xeito todo o mundo poida acceder aos contidos web. Nunha sociedade na que se fan produtos para ese comprador que non existe na realidade como é o "comprador modelo", defendes que hai que chegar a tódolos públicos sen excepción, aínda que isto represente un esforzo. Para conquistar estes obxectivos, buscas cambiar a metodoloxía e as ferramentas. Tes que preocuparte por cousas que a maioría dos usuarios non aprecian. Por todo elo, é unha sensación que asumimos (a de "bicho raro"), pero con orgullo. Porque canto máis te achegas ó mundo da accesibilidade web, máis se fornece o convencemento de que as cousas hai que facelas así.

**-Resúmenos en poucas palabras a túa visión destas xornadas.**

-As xornadas teñen tres visións diferentes achegadas por outros tantos "actores" do proceso de deseño web. Por unha banda, están os *esponsors* das xornadas, que acudiron para falarnos dos esforzos que están a facer neste eido e para amosarnos os programas sociais que están a levar a cabo en distintos ámbitos. Logo, estiveron os organismos públicos, que fixeron recuento de todo o que están a facer neste eido. A verdade é que no País Vasco hai certa actividade ó respecto, que non abonda pero que, comparada co esforzo cero que se fixo en Galiza ata o de agora, sobresa positivamente.

Por exemplo, están a axeitar as súas webs a tódolos usuarios, e tamén están a facer cousas como preparar ós deseñadores con cursos ou tamén a subvencionar cunha cantidade maior de cartos as páxinas das pequenas e medianas empresas co fin de que sexan accesibles. En xeral, o discurso é este: sabemos que non imos cumprir cos obxectivos a final de ano, pero estamos a traballar niso e estamos moi concienciados.

E, por último, estábamos nós, os deseñadores, que analizamos temas máis técnicos, intercambiando todo tipo de conceptos de accesibilidade e usabilidade. Nótase iso do que falabamos, ese síndrome do "bicho raro" en cada empresa co "pesado este da accesibilidade". Somos conscientes que non estamos indo polo camiño máis doado no mundo da Web, pero se esta é unha canle de comunicación que existe para transmitir, comunicar, vender, entón, por que deixar fóra a preto dun 10% da poboación? Sería pouco coherente.

**-Por que é necesaria a accesibilidade? Que beneficio sacamos dela? E o máis importante de todo: en que consiste?**

-A poboación envellece cada ano. Os avances técnicos e médicos en vez de diminuír o que chamamos a "diversidade funcional", fan que esta se incremente. Polo tanto, cada vez hai máis xente que precisa unha Web que se poida adaptar a súas necesidades. A accesibilidade consiste en facer máis doada a navegación. Non é crearlles ós usuarios as versións que queren. Tampouco consiste en pórilles un botón para aumentar as letras a un tamaño determinado. Nin é configurarlles as cores como ti consideras que lles vai a ir ben. É deixarlles que usen a súa propia folla de estilos e os poñan de modo que lles sexan cómodos, ó tamaño que lle pareza apropiado.

**-Cres que a accesibilidade é o primeiro paso para un asentamento firme en Galicia da Sociedade da Información?**

-Tanto como o primeiro paso... pensamos que ten que ir incluído en calquera paso. Cando o ano pasado saía a campaña "Internet é para ti" e saía nos medios xente de avanzada idade navegando, eu facíame a min mesmo as seguintes preguntas: cando esa persoa se conecte a Internet, e non sexa quen de ler gran parte dos contidos debido ao tamaño de letras que se utilizan, ou se perda nos labirintos que son as navegacións en algunhas páxinas web, volverá a conectarse? Valerá de algo o esforzo económico desa persoa para estar *on line* e a campaña de difusión?

**-Coa man no corazón, que opinas de ferramentas como Flash?**

-(*Risos, Pablo tómase tempo para contestar, xa que se trata dunha pregunta coa que lles queremos turrar da lingua*) É o tema que nos trae maiores discrepancias con outros deseñadores. Parécenos unha ferramenta magnífica para algunhas aplicacións. O uso intensivo que se fai en moitos desenvolvementos non é que sexa abusivo, senón que é directamente un intento importar patróns de deseño de outros medios como a televisión, sendo Internet un medio con características absolutamente distintas. Unha das preguntas que fago habitualmente a xente é esta: que páxinas webs visitas máis a miúdo e como están deseñadas? E continúa: pois aplica a túa experiencia de usuario aos teus deseños e ós da túa empresa, e verás como o usuario acaba por agradecerelo.

**-Non estas polo tanto en contra do Flash, polo menos ó cen por cen...**

-O Flash debe ser unha ferramenta máis. Igual que un albanel utiliza o martelo ou a pa, segundo o tipo de traballo que teña que facer, os deseñadores webs deben concienciarse do mesmo. Se pensamos nun albanel que pretende cavar un foso cun martelo, temos a imaxe aproximada dun deseñador que sempre utiliza Flash por sistema, cando ten ó seu alcance ferramentas moito máis apropiadas para o traballo que quere facer. Pero iso non lle quita utilidade ó Flash. Por exemplo, nas xornadas falouse da utilización do Flash para poder traducir á linguaxe de signos os contidos da web para que as persoas xordas poidan acceder a estes contidos sen problemas.

**-Nós publicamos unha nova na que se daba conta de que**

**a web que o Goberno habilitou en Internet para informar da gripe aviaria estaba deseñada con Flash, cres que isto é lóxico? Que che parece (estouche a turrar da lingua, como ves)?**

-O primeiro que nos sorprendeu, e moi agradavelmente, foi que os medios se fixeran eco de este feito, parece que a sensibilidade social sobre a accesibilidade web vai en aumento. Que dende as administracións públicas aínda se fagan webs para a cidadanía que deixan exentos do acceso a información a un importante sector poboacional é moi triste. E, a partir do 1 de Xaneiro de 2006, será triste e ilegal. A lei 34/2002 da LSSI/CE, obriga a tódalas administracións públicas a ter a súas webs de acordo coas pautas de accesibilidade.

**-É certo que os criterios de accesibilidade lle quitan o bonito á páxina web? Dito doutro xeito: pode haber un portal accesible que, así e todo, sexa agradable de ver?**

-Creo que todo o contrario. Unha web accesible soe ser máis agradable a vista, menos agresiva e a navegación é moito máis sinxela e rápida. Os últimos desenvolvementos que se están a presentar amosan que a accesibilidade é perfectamente compatible coa creatividade.

**-Que se está a facer dende o novo Goberno da Xunta e dende as institucións en xeral (como as universidades) a prol desta cuestión?**

-Nós estamos a manter contacto coas distintas administracións e a traballar xa con algunha. A verdade é que se trata dun tema que en moitos casos cólleas por sorpresa, só hai que ver as súas webs. Ó longo do ano que vén asistiremos á renovación de moitas webs, nas que se tentará que a información estea dispoñible para todos. A Universidade de Santiago foi unha das pioneiras a nivel nacional en adaptar a súa web, e sei que seguen a traballar no tema e tentando difundilo.

**-E xa para rematar, fálanos do labor da vosa empresa, Hacce. Dende cando existides? Cales son os vosos obxectivos e estratexias?**

-Levamos seis meses como consultores e desenvolvedores traballando só en temas de accesibilidade web e usabilidade. O noso cliente prioritario é a administración pública, xa que ten a obriga legal e moral de facer accesibles as súas páxinas. Pero, nestes meses, comezamos tamén a traballar con algunhas empresas privadas, axeitando ás súas webs, e atopamos gran receptividade pola súa parte. Os resultados saltaron á vista de xeito inmediato. Por exemplo: aumentaron as vistas recibidas e os correos recibidos facían mención a que as coñeceran a través da páxina web, e as entradas desde os distintos buscadores. Este é un eido no que non estamos a traballar cada vez máis, porque ao facer unha web accesible consegués non só aumentar o nivel de satisfacción do usuario, ao sentirse cómodo navegando, senón que tamén consegués optimizar outros aspectos vitais hoxe en día na web, como é o posicionamento en buscadores tipo Google.





A entrega de premios celebrouse no Auditorio de Galicia en Santiago



O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, entregou o Premio José Varela de Montes de Investigación Sanitaria ao doutor Felipe Casanueva Freijo



O conselleiro de Innovación, Fernando Blanco entregoulle o galardón á Innovación Empresarial ao presidente de G.O.C., Serafín Ocaña.



A Conselleira de Sanidade, María José Rubio, fixo entrega do Premio de Investigación Sanitaria para Investigadores Mozos, ao doutor José Antonio Castro Hermida

## REDACCIÓN

A Xunta de Galicia entregou en Santiago os Premios Galicia de Investigación 2005, galardóns que este ano van orientados a estreitar, se cabe, as fitas que unen o eido público do empresarial e do educativo. O vicepresidente do Goberno galego, Anxo Quintana, foi quen presidiu o acto, no que se recoñeceu dende a Dirección Xeral de I+D o labor do doutor Felipe Casanueva co Premio José Varela de Montes de Investigación Sanitaria e a do doutor José Antonio Castro Hermida co Premio para Investigadores Mozos na área sanitaria. Asemade, entregóuselle á empresa G.O.C. o Premio Galicia á Innovación Empresarial. Para Quintana, a clausura deste certame foi unha boa ocasión para falar do futuro do binomio I+D en Galicia: o obxectivo da Xunta nesta materia é acadar un investimento do 1,5% sobre o PIB para o ano 2010, e para chegar a este índice a Consellería de Innovación contará cuns orzamentos de 2006 *“que duplicarán calquera incremento rexistrado en Galicia nesta materia”*, segundo comentou Quintana.

Cómpre sinalar Premios Galicia de Investigación foron instituídos no ano 1997 pola Xunta de Galicia co fin de recoñecer a traxectoria dos estudosos de prestixio e de estimular o traballo dos investigadores mozos. En cada unha das súas edicións están dedicados a unha área diferente. Este ano, os galardóns correspóndense co sector de Sanidade e teñen, como xa vén sendo costume, dúas vertentes. O doutor Felipe Casanueva Freijo foi o investigador galardonado co Premio José Varela de Montes de Investigación Sanitaria, dotado con trinta e sete mil euros, unha medalla e un diploma acreditativo, mentres o Premio Galicia para Investigadores Mozos

# A Xunta entrega os Premios Galicia de Investigación 2005 e promete máis investimento en I+D

recaeu en José Antonio Castro Hermida, que percibeu seis mil euros e un diploma acreditativo.

Durante o transcurso do acto, o doutor Felipe Casanueva Freijo dedicou o seu premio a tódolos compañeiros do seu grupo de traballo, *“xa que en medicina nunha hai unha investigación individual”*. E proseguíu: *“Levamos 25 anos estudando enfermidades para saber como previlas e, en última instancia, como curalas”*. Asemade, Casanueva relembrou ante os asistentes a importancia da soberanía científica. *“Todos temos moi claro que un país non pode ser tal sen soberanía política, pero está cada vez máis claro que o mesmo ocorrería se non houberse soberanía científica, e Galicia debe ser sen dúbida un foco de soberanía científica internacional”*, dixo.

Asemade, entregouse o Premio Galicia á Innovación Empresarial, que recoñece o labor das empresas galegas no ámbito da I+D. O xurado decidiu outorgarlle este galardón á empresa G.O.C. *“en recoñecemento da súa traxectoria innovadora, que lle permitiu pasar de ser unha PEME a ser unha grande empresa, baseándose no desenvolvemento de proxectos de I+D, á colaboración con outras entidades e ao rexistro dos seus resultados”*, segundo fixo constar o xurado. G.O.C. é unha empresa galega, con sé en Vigo, que naceu hai vinte anos e que dedica a súa actividade á consultoría técnica nos sectores da construción.

En representación desta firma acudiu ó acto o seu presidente, Serafín Ocaña, quen defendeu conceptos como o de innovación permanente, un esforzo que non só fai posible que as empresas medren senón tamén a sociedade enteira, un país (o noso) que debe mirar sempre cara diante. A innovación, ó seu xuízo, non é unha tarefa doada. Require converter a cada membro da empresa, a todos por igual, en puntos de contacto entre a propia empresa e as necesidades do mercado. Ademais, a innovación precisa de esforzos tenaces, investimentos axeitados, amplitude de miras e, sobre todo, mentalidade aberta.

Estabilidade do cambio. Este foi o concepto sobre o que xirou gran parte do seu discurso, sendo a innovación unha das súas ecuacións fundamentais.

A innovación é o que fixo posible que G.O.C. pasase de ser unha empresa pequena a ser unha gran empresa.

Que podería ocorrer se cada galego asumise a necesidade desta cultura innovadora?

O xurado do certame decidiu conceder tamén unha mención especial ás outras dúas empresas finalistas: a coruñesa Twelcon Electrónica, polo esforzo feito en aras á innovación de produto e á captación de novos mercados, e á pontevedresa Técnicas Electrónicas Aplicadas Xulio (TEAXUL), polo esforzo creativo e a xeración de produtos que lograron chegar ao mercado.

## Fernando Blanco ve no CITI da Tecnópole un futuro referente para a investigación en Galicia

O potencial do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación da Tecnópole de Ourense é de gran importancia para que Galicia remonte postos no que se refire a I+D e capacitación científica. Esta é a opinión do Conselleiro de Innovación, Fernando Blanco, quen estivo no acto de presentación do devandito centro (CITI), que será xestionado pola Universidade de Vigo. Deste complexo, Blanco agarda que se *“converta nun centro de referencia a nivel galego e internacional”*. Segundo fai saber a Xunta cun comunicado, o CITI nace co obxectivo de converterse nun elemento nuclear para as tarefas de I+D+i e nun espazo onde universidade e empresas desenvolvan proxectos de innovación conxuntos, que serva tamén para a transferencia de coñecemento do campus de Ourense. O conselleiro lembrou ademais, no transcurso do acto, que o departamento que dirixe está a facer unha clara aposta pola I+D+i e que as partidas orzamentarias dedicadas a este ámbito de actuación incrementaranse un 39%.

## Santiago contará cun centro de formación de novas tecnoloxías

Esta semana en Santiago empezou a materializarse o Centro de Novas Tecnoloxías, un espazo de formación que (cálculase) abrirá as súas portas nun prazo aproximado de dous anos. O centro, que estará ubicado na rúa Ramón Baltar do barrio de Conxo, atenderá as demandas de formación de todas aquelas persoas que desexen ampliar os seus coñecementos tecnolóxicos, tan necesarios hoxe en día para acadar un posto de traballo ou ben para mellorar as condicións do que xa se posúe. O grupo Acciona será o encargado da construción deste edificio, que dependerá da Consellería de Traballo. O responsable deste departamento, Ricardo Varela, sinalou durante o acto de colocación da primeira pedra que o centro nace con vontade de adaptarse ás necesidades existentes no mercado laboral no que se refire á formación en tecnoloxías avanzadas.





# Sin ciencia no hay cultura

Nuestro colaborador Mario García acudió a un congreso en A Coruña sobre investigación y comunicación social y estas que ofrecemos ahora fueron sus incisivas y sin embargo divertidas impresiones

MARIO S. GARCÍA

“Sin ciencia no hay cultura”. Este fue el lema escogido para el tercer Congreso sobre Comunicación Social de la Ciencia. En A Coruña se reunieron hace pocos días un nutrido grupo de científicos, divulgadores, periodistas y escritores, con el objetivo de derribar la trasnochada barrera de creer que la gente de ciencias no tiene cultura, y los de letras no pueden entender de ciencias. ¿Por qué –decía Ramón Núñez, director de los Museos Científicos Coruñeses (mc2) en la presentación- cuando te dan una lista de intelectuales, no incluyen a los científicos?

Para romper ese modelo se celebraron varias mesas redondas llamadas *Encuentros con Provocador*, en los que el moderador fustigaba (amigablemente, claro) a sus contertulios, ayudado a menudo por las preguntas del numeroso público. Quizás lo normal en un congreso de ciencia sería escuchar a sesudos oradores articular sus crípticas jergas. Los *Encuentros con Provocador* reunían en torno a la mesa camilla y el café a personajes como Almudena Grandes, Fernando Savater, Manuel Toharia y José M. Sánchez Ron, por ejemplo.

En la inauguración, Ernesto Páramo, director del Parque de las Ciencias de Granada, recordó cómo ha aumentado la promoción de la cultura de la ciencia en los Ayuntamientos en los últimos veinte años. Aún queda mucho camino por andar, aseguró, pero éste es un momento prometedor para la comunicación científica. Manuel Toharia, director del Museo de las Ciencias Príncipe Felipe de Valencia, se mostraba en cambio algo más pesimista. Recordó su último paso por televisión con el programa *Atlantia*, relegado a horario de murciélagos, mientras en la misma cadena un presunto adivino del futuro lucía sus tónicas en prime time. Juan Luis Arsuaga, codirector de las excavaciones de Atapuerca, afirmó que la Ciencia es interesante, pero una excavación arqueológica no es un parque temático, ni una aventura de Indiana Jones. Hacer Ciencia no es divertido, es un proceso muy lento, penoso a veces por las condiciones meteorológicas,... pero es una experiencia enriquecedora. Declaró que la Ciencia servirá para solucionar los graves problemas que la humanidad tiene presentes ahora: crisis energética, gestión del agua, calentamiento climático, hambre,... La falta de



cultura científica se traduce en una sociedad menos democrática e incapaz de afrontar sus problemas: “¿Cómo vamos a decidir si queremos alimentos transgénicos si no sabemos realmente lo que es un gen?”. Asimismo, se quejó de que España no produce contenidos científicos, sino que los consume. En su opinión esto debe cambiar, pues la industria del ocio, la de los contenidos, es el futuro de la sociedad, frente a las tradicionales industrias “de chimeneas”. La siguiente cita del día fue con Lynn Margulis, codirectora del departamento de Biología Planetaria de la NASA. En su conferencia plenaria, explicó su apoyo a la teoría de Gaia, que postula que la Tierra es un organismo vivo en el que todo interacciona. Su presencia por segunda vez en A Coruña fue seguida por un auditorio abarrotado de expectante público.

En los debates que se celebraron durante esos tres días se tocaron multitud de temas. Para no aburrirlos, permitidme citar algunas de las muchas frases que como agujones se clavaron entre los asistentes:

“Algo hemos hecho mal en el sistema educativo español cuando hay personas que han pasado muchos años estudiando carreras de ciencia y nunca han mirado, por ejemplo, por un telescopio”;

“Ningún conocimiento es más valioso que el método a realizar para conocerlo”;

“¡Pues claro que se puede explicar mecánica newtoniana, tectónica de placas o ingeniería genética sin utilizar fórmulas! El problema es preparar esas clases”;

“Julio Verne, del que celebramos el centésimo aniversario de su muerte, era despreciado por los científicos, por no considerarlo tal, y también por los literatos, que no lo consideraban escritor”;

“La felicidad del ignorante es mucho menos completa que la del que conoce”;

“Celebramos el V Centenario del Quijote, el año de Einstein, pero nadie ha recordado que también es el aniversario de nuestro premio Nobel Severo Ochoa”.

Además de estos encuentros, se desarrollaron más de cincuenta comunicaciones simultáneas, de muy variados temas, con títulos tan sugerentes como: “Acercamiento a la muerte de un renacuajo en el Mioceno a través de una trama policíaca”, “La cocina, laboratorio del hogar” o “Pseudociencia y cine”.

También hubo tiempo para el esparcimiento: la fiesta de la cerveza, celebrada en un ruidoso establecimiento de la ciudad, hizo las delicias de todos los invitados.

**Hacer Ciencia no es divertido, es un proceso muy lento, penoso a veces por las condiciones meteorológicas,... pero es una experiencia enriquecedora.**

Fue una satisfacción ver como insignes asistentes sacaban codos por una buena posición para atrapar esa ración de pulpo o de berberechos que venía por estribo. Al final todos quedaron saciados y alguno regresaría al hotel con unas cuantas burbujas de más.

Y como despedida del congreso, una lectura dramatizada de la obra de teatro *Copenhague*, de Michael Frayn y una cena de clausura en la sala Maremagnum de la Casa de los Peces, rodeados de acuarios repletos de especies autóctonas gallegas.

El Congreso sobre Comunicación Social de la Ciencia de A Coruña fue todo un éxito de participación. La organización estuvo a la altura de las circunstancias y demostró la gran experiencia adquirida desde que se inaugurara, en 1985, la famosa Casa de las Ciencias.







#### REDACCIÓN

[www.vigomatica.com](http://www.vigomatica.com)



A tecnoloxía está sempre en constante renovación. A natureza da informática é ser sempre nova, como se alguén estivese sempre premendo a función de “actualizar”. A feira Vigomática@ quere recoller tódalas novidades do sector e amosalas, do xeito máis claro e accesible posible, ofrecendo simultaneamente uns cantos exemplos de por onde vai ir a tecnoloxía no futuro inmediato. O salón, que organiza a empresa Muéstralo entre o 16 e o 18 de decembro, vaise desenvolver no recinto do Instituto Feiral de Vigo.

Co fin de converterse nun peso pesado no panorama nacional de feiras, Vigomática@ cubrirá máis de 9.000 metros cadrados do complexo para dar servizo a máis de 100 expositores procedentes de tódolos currunchos de España que, segundo cálculos da organización, recibirán a visita de máis de 50.000 persoas de Vigo e a súa área de influencia. Ademais, os responsables de Vigomática@ non queren deixar de lado o factor “calidade”. De aí que o salón naza xa con vontade de ser unha feira de “culto”, un deses encontros que sempre se nomean nas conversas de informáticas e internautas cando se fai referencia a un foco de innovación. Así o sinalan os organizadores nun comunicado de prensa: “*Non hai ningún outro evento en Galicia cunha vocación tan clara de lecer para o usuario final*”. Polo tanto, non é arbitrario que se elixiran os días 16, 17 e 18 de decembro para a celebración dunha xuntanza destas características. Non hai máis que mirar calquera tipo de estatística sobre compra e venda de produtos tecnolóxicos para decatarse de que son precisamente as xornadas previas ó Nadal cando máis repuntes se rexistran. Computadores, móbiles, cámaras dixitais, reprodutores de DVDs, consolas de videoxogos, todos eses aparellos que acadan cada vez máis protagonismo no currunchos dos nosos fogares onde se amorean os agasallos de Nadal, listos para que alguén (non sempre un neno) lles curte a fita que os envolve.

O abano que ofrece o salón Vigomática@ é abondo amplo. Aquí vai unha mostra: hardware, software, consultorías e servizos de informáticas, telefonía e comunicación, imaxe, son, ensinanza, Internet e deseño gráfico. Estes son os novos eidos onde se escenifica o cambio que a sociedade viviu nos últimos

dez anos, din os organizadores. O lugar a onde todos volvemos, porque nos gusta e (claro) porque non nos queda máis remedio, se queremos seguir formando parte da Sociedade do Coñecemento. O salón vaise desenvolver (aparte da zona puramente expositiva) en base a xornadas técnicas, concursos de deseño gráfico, webs, fotografía, redes, composición de música electrónica ou *modding* (o *tunning* dos computadores). Habrá actividades para tódolos gustos e iso é, precisamente, o que se pretende: que á saída de Vigomática@ sexamos todos un pouco máis expertos en informática, lecer e tecnoloxía.

#### Vigomática@ quere visitantes de tódalas condicións

Vigomática@ é un salón orientado ó gran público. Unha das súas grandes bazas é a data na que se organiza. Uns momentos, os días previos ó Nadal, no que repuntan os índices de internautas e consumidores de tecnoloxía. Segundo apunta a organización, a feira vai sempre orientada ó usuario final, abranguendo tódolos eidos do mundo da informática e das novas tecnoloxías. Dito doutro xeito: as portas están abertas a tódalas persoas que se puxeron algunha vez na súa vida perante un computador co seu rato e a súa pantalla.

#### Crear, aunar, ofrecer e fomentar

Así, collendo só as catro palabras que encabezan cada un dos obxectivos deste salón, semella que non achegamos moitos datos, pero si que indica o que ten en mente a organización de Vigomática@ (Muéstralo). Mirar sempre cara diante, comunicarse, anticipar os pasos que a Sociedade

da Información dea no futuro e servir de apoio ás institucións públicas e ás empresas no que se refire a divulgar as vantaxes das novas tecnoloxías.

Agora si, para que se entenda ben, incluímos a “versión estendida” dos obxectivos:

- Crear un punto de encontro para os profesionais e afíns ó sector
- Aunar a oferta informática e tecnolóxica cos usuarios finais
- Ofrecer unha actividade alternativa ós vigueses durante as festas do Nadal
- Fomentar o uso razoable da informática entre os usuarios mozos

#### Sectores que están representados no salón

- Distribuidores e maioristas: imaxe e son, informática
- Electrónica e electricidade: electrónica e compoñentes, electricidade industrial
- Informática: hardware, software (aplicacións profesionais, informática do lecer), consultorías e servizos de informática
- Telecomunicacións: redes e cableados, telefonía fixa e móbil, televisión por cable e satélite
- Asociacións e colexios profesionais
- Comunicación e produción audiovisual
- Ensinanza, formación informática: universidades, centros regrados, academias e institucións con formación
- Editoriais e revistas especializadas
- Profesionais independentes
- Internet: comercio electrónico, portais de servizos informáticos, deseño e programación web
- Ofimática e infografía
- Deseño gráfico
- Cine e animacións

## Vigomática@, xornalistas do cambio

O IFEVI de Vigo acolle entre o 16 e o 18 de decembro unha feira que examina o pasado da informática e avanza o que nos espera o día de mañá





# "Este é un escaparate para acceder á tecnoloxía á que normalmente non podemos acceder"

Entrevistamos a Manuel Alfaya, responsable da Tenda de Informática de El Corte Inglés en Vigo

*Vigomátic@ é a ocasión ideal para facer algo que remedie certos descoñecementos de tecnoloxía que poidamos arrastrar, e xa é hora de recoñecer que sempre hai algunha pregunta tecnolóxica para a que non temos resposta. Isto non o di Código Cero, senón Manuel Alfaya, responsable da Tenda de Informática de El Corte Inglés de Vigo, quen nos avanza ademais cales serán os "produtos estrela" (vinculados á Sociedade da Información) para este Nadal. Para non desvelar demasiado, diremos que diferentes modelos de pantallas de alta definición e de novos reprodutores de música portátiles aparecerán o 6 de xaneiro en moitos fogares de Galicia.*

*(Cómpre sinalar que El Corte Inglés de Vigo colabora amplamente na organización de Vigomátic@ e que acode ademais cun "stand" coas últimas novidades do mercado).*

## REDACCIÓN

**-Para adquirir hoxe tecnoloxía, é imprescindible estar en salóns como Vigomátic@? Dito doutro xeito: que nos perderemos se non estamos alí?**

-Calquera evento relacionado coas novas tecnoloxías é moi interesante para achegar estas ao gran público, sendo este un gran escaparate para poder estar en contacto con estes produtos, algo que doutro xeito sería moi difícil.

**-Como director xerente de El Corte Inglés de Vigo e como coñecedor de primeira man do que sae e do que entra no departamento de informática, podería poñernos ó tanto de cales van ser os "produtos estrela" deste Nadal que se nos bota enriba? Que é iso que non podemos deixar de adquirir no caso de que esteamos decididos a adquirir tecnoloxía?**

-Os "produtos estrela" deste Nadal son os que complementan as edicións multimedia (vídeo e audio) coas pantallas en formato panorámico 16:9 de alta definición, e no que se refire ó audio cos reprodutores MP3, que cada vez teñen mais capacidade e dan a posibilidade de almacenar fotografías, vídeo e son.

**-O consumo de informática para o fogar, variou moito nos últimos anos? Cambiaron moito os nosos hábitos?**

-Produciuse un gran despegue en todo o entorno multimedia que antes practicamente non existía, agás nos fogares de usuarios moi avanzados e de alto poder adquisitivo.



**-Portátiles ou computadores de sobremesa. Aí temos un dilema interesante. Cales van ser os protagonistas este Nadal en El Corte Inglés?**

-Claramente a batalla está gañada polos portátiles, que cada vez ofrecen unhas características mais similares ós de sobremesa cuns prezos non superiores, como ocorría antigamente.

**-Coas cámaras xa non existe tal dilema, porque, que nós saibamos, xa hai tempo que as dixitais lle gañaron**

**a batalla ás analóxicas. Cre vostede, coa man no corazón, que as cámaras dixitais ofrecen xa máis vantaxes de imaxe cás tradicionais?**

-É obvio que a imaxe dixital gañoulle a partida ó formato analóxico, xa que nos permite unha manipulación mais doada e máis completa. Ó mesmo tempo, hai que recoñecer que cada día a calidade da imaxe é moito maior, chegando xa a uns niveis moi altos.

**-Volvemos a Vigomátic@. Que lle diría vostede a unha persoa que non teña moi claro aínda se acudir ou non a este salón informático? Cal sería a chave para convencerla de estar alí, concorrendo coa Sociedade da Información?**

-Diríamolle que non dubidara de achegarse a este salón, xa que tal e como vimos subliando nos apartados anteriores, o mundo das novas tecnoloxías está en plena expansión, e cada vez estará mais presente nas nosas vidas. Polo tanto, canto máis preto teñamos esta realidade, mellor a poderemos comprender.



## A innovación que máis nos divirte

O salón Vigomátic@ ofrece unha serie de actividades para o lecer, dende concursos a visións divertidas sobre a robótica e o fogar dixital



### Lecer e xogos para tódalas idades e experiencias

A tecnoloxía ten un importante compoñente de lecer, e o comité organizador de Vigomátic@ non quere ficar á marxe de todo iso que teñen as novas ferramentas que nos fai a vida un pouco máis agradable. Co fin de animar na medida do posible o salón feiral, habilitaranse unha serie de espazos onde se recrearán –grazas á tecnoloxía– situacións reais de deportes ou xogos. Por exemplo, estará activo para tódolos visitantes un simulador de esquí, que inclúe unha casula onde se acompañará as accións do usuario dun elemento fundamental en toda práctica deportiva destas características: neve (neste caso, claro está tratándose dunha feira en Vigo, artificial). Os visitantes que gusten de tarefas de lecer máis repousadas tamén terán ó seu alcance un simulador "intelixente" de Golf da firma holandesa ProTee United, presentado recentemente no mercado, e que ofrece múltiples prestacións para xogadores cunha certa experiencia. Cómpre sinalar que o salón tamén ofrecerá unha visión completa das vantaxes que ofrecen hoxe en día o fogar

dixital, a domótica e a robótica, conceptos que serán abordados dende o punto de vista do usuario máis esixente pero tamén a través dunha óptica distendida: é aquí, nesta liña, onde encaixa o robot Vigomático (na imaxe), que interactuará dun xeito divertido cos visitantes da feira.

### Concurso de fotografía

A organización de Vigomátic@ non se quere limitar a amosar os últimos avances tecnolóxicos. Quere que a xente que acuda tamén amose, que interactúe e dialogue. É deste obxectivo de onde xorde o concurso de fotografía que se puxo en marcha hai unhas semanas e que trata de estimular a creatividade dos usuarios de tecnoloxía a través, precisamente, da tecnoloxía. O certame vai ter dous temas fundamentais: *Onde está Papá Noël?* e *Foto montaxe (agasallo de Nadal)*. O prazo para presentar traballos de fotografía dixital sobre estes dous temas remata o 9 de decembro. Para máis información, cómpre conectarse a [www.vigomatica.com](http://www.vigomatica.com), onde se inclúen as bases do concurso, as medidas que deberá ter a imaxe ou a resolución, entre outros asuntos.

### IFEVI: un recinto orientado ó desenvolvemento

O lugar elixido para a celebración de Vigomátic@ é un dos recintos feirais que máis claramente teñen apostado polo desenvolvemento e a actividade comercial e económica de Vigo e arredores e, por extensión, de todo o noso país. Trátase do IFEVI, o Instituto Feiral de Vigo, un edificio que tamén é unha ponte máis –dende que foi posta a primeira pedra– entre Galicia e o Norte de Portugal. A afluencia de público ó IFEVI xa superou o millón de visitantes e ten unha superficie total de 75.000 metros cadrados, incluíndo dúas áreas diferenciadas: a primeira dedicada a mostras (pavillóns 1 e 2) e a segunda destinada a servizos (pavillón 3). Ademais, o recinto exterior que rodea estes dous espazos devanditos configura un entorno axeitado para todo tipo de actividades complementarias ás diversas feiras e encontros. Ademais, o IFEVI conta cun auditorio adaptado á celebración de diferentes xuntanzas que inclúe un aforo de 506 prazas. O recinto enteiro está adaptado para sacarlle o máximo rendemento ás tecnoloxías da información. Para máis datos, cómpre visitar [www.ifevi.com](http://www.ifevi.com)





O audiovisual de hoxe en día non é o mesmo có de hai trinta anos. Ten outras necesidades, e moitas delas pasan pola adaptación ás novas tecnoloxías, os novos formatos de televisión, abrirse camiño nun mercado competitivo onde non semella quedar sitio para os esforzos máis independentes. Dito doutro xeito, no audiovisual, como en tantos outros sectores relativamente novos que poden xirar riqueza para Galicia, hai que estar sempre disposto a dar o primeiro paso. A fin de contas, aqueles produtos de cine ou televisión que máis marcaron as nosas vidas eran aqueles que non tiñan comparanza, que nunca fixera antes ninguén. É aí, neses camiños por explorar, onde se quere construír a Nova Factory, un novo concepto de espazo de negocios e lecer para os sectores

audiovisual e cultural galegos. Un escenario para a crítica, para escoitar voces e opinións que non se escoitaron nunca ou case nunca, no que se quere atender de preto o que van significar os novos formatos de televisión ou a creación de circuitos alternativos para a exhibición galega. Este encontro, organizado e dirixido pola Nova Fábrica, Mr Misto, o Concello de Oleiros e a Deputación da Coruña, quere ser ademais como o axente que nos quite a venda dos ollos a todos aqueles que gozamos co audiovisual en tódalas manifestacións, a venda que nos impide enxergar que hai máis cine e televisión do que temos ó noso alcance. Máis ideas, máis propostas, máis amplitude de miras. Nova Factory, a maiores, non é un festival no sentido estrito da palabra (até se pretende darlle á volta ó concepto "festival"). Segundo a organización, Nova Factory é un lugar de encontro para cineastas,

produtores, programadores e distribuidores independentes. Un obradoiro de ideas onde non falten os apoios económicos, e viceversa. Pero, ante todo, ideas. En base a elas, sostén o comité organizador, é como se pode levar o sector audiovisual a cotas cada vez máis altas, e MEDRAR aparece cada vez máis como a única alternativa para un sector, o galego, que deu sinais de ter un bo potencial. En Nova Factory, que se vai celebrar entre o 1 e o 3 do mes de decembro no Auditorio A Fábrica de Perillo, vanse presentar todo tipo de produtos que, normalmente e por razóns ben coñecidas dun mercado globalizado, non atopan o seu oco nas redes de distribución. Tamén haberá sitio para as novidades tecnolóxicas do audiovisual. A continuación, incluímos o corpo xeral do programa de actividades.

# O audiovisual do que aínda non escoitaches falar

O Auditorio A Fábrica de Perillo acolle entre o 1 e o 3 de decembro o encontro Nova Factory para artistas e produtores do sector galego e internacional

## SOBRE MERCADOS E FEIRA STANDS DE EXPOSICIÓNS

Lugar: Sala 1

Horario: venres 12h-22 h; sábado 10h-22 h; domingo 11h-13 h

O que se pretende neste encontro é a participación de todo o sector, e procurar o intercambio. Catálogo de traballos. Todos os xéneros. Equipamento.

### Expositores

- Provedores de equipos audiovisuais
- Produtores/as audiovisuais e musicais
- Promotores independentes
- Programadores culturais e institucionais
- Distribuidores
- Tv públicas e privadas
- Outros sectores relacionados co espectáculo
- Medios de comunicación

## ESPAZO DE VENDA

Lugar: Sala 2

Horario: venres 16h-19h; sábado 16h-19h

**Mostra de Equipamento Técnico, os novos equipamentos para a creación e a difusión, a dixitalización, etc.**

- Empresas de suministros e equipamentos para a industria audiovisual
- Inscripción mediante solicitude
- 20 minutos para cada participante

**Mostra de Proxectos audiovisuais y culturais I, intercambio de experiencias de proxectos de difusión cultural e audiovisual**

- Empresas audiovisuais e culturais con proxectos á venda; propostas novidosas, novas posibilidades de mercado, etc.
- Inscripción mediante solicitude
- 20 minutos para cada participante

## SOBRE O FORO AUDIOVISUAL

- **Curso de distribución e comercialización internacional**

Lugar: Auditorio

Horario: venres 10h-14h

- **O cine independente. Posibilidades de mercado e distribución**

- 4 horas
- Ponencia a cargo de Pablo Dávila, executivo de marketing de Continental
- Análise do cine independente e as súas posibilidades de comercialización e distribución

- **Seminario técnico sobre a nova tecnoloxía HDV**

Lugar: Sala 2

Horario: sábado 10h-14h

- **Os Novos Formatos Hd De Baixo Custe: Realidade e Perspectivas**


- 4 horas
- Ponencia a cargo de Jorge Carrasco, director de La Mecánica Audiovisual
- Análise da tecnoloxía HDV e as súas posibilidades para a produción independente

- **Mesa coloquio de programación e difusión cultural**

Lugar: Auditorio

Horario: venres 11h - 12h

Coa presenza de representantes da Delegación xeral de creación e difusión cultural, da Excma. Deputación de A Coruña, de Concellos, Obra Social...



- **Mesa coloquio de novos espazos de difusión audiovisual**

Lugar: Auditorio

Horario: venres 13h - 14h

Intercambio de opinións entre profesionais innovadores do sector audiovisual: Internet, Tv local, Tv de circuito cerrado, etc.

## SOBRE A MOSTRA AUDIOVISUAL MOSTRA

Visionado de pezas audiovisuais que entran a concurso, centrándose nesta primeira edición en dous xéneros: curtametraxes de ficción e documental.

### Selección de traballos de curta duración

#### Sección Documental

Lugar: Auditorio

Horario: venres 21h-23h

#### Sección Ficción

Lugar: Auditorio

Horario: sábado 16h-19h

## SOBRE ACTIVIDADES PARALELAS

- **Festa de inauguración do evento audiovisual Nova Factory 2005**

Día: xoves 1 de decembro

Lugar: Auditorio A Fábrica de Perillo

Hora: 20.30 horas

- **Espectáculo Multimedia A Illa da Luz**

Día: venres 2 de decembro

Lugar: Castelo de San Cruz

Hora: 21.30 horas

- **Gala de Clausura Nova Factory**

Día: sábado 3 de decembro de 2005

Lugar: Auditorio A Fábrica de Perillo

Hora: 21.00 horas



# Expoenter 2005, a tecnoloxía que che interesa

Expourense organiza os días 1 e 2 de decembro unha nova edición do seu salón da Sociedade do Coñecemento

## REDACCIÓN

### Usuarios actualizados

Se non se mira de preto a tecnoloxía, pásache por riba. É tal o ritmo da súa evolución que non é posible vivir nela (ou dela) sen dedicar un tempo da nosa xornada a recoller datos sobre tendencias, innovacións ou produtos. Nesta necesidade de coñecer e de actualizarse é onde hai que situar a nova edición de **Usuarios actualizados**

Se non se mira de preto a tecnoloxía, pásache por riba. É tal o ritmo da súa evolución que non é posible vivir nela (ou dela) sen dedicar un tempo da nosa xornada a recoller datos sobre tendencias, innovacións ou produtos. Nesta necesidade de coñecer e de actualizarse é onde hai que situar a nova edición de Expoenter, o Salón Multimedia e das Telecomunicacións que chega á súa sexta convocatoria. Este encontro, que se vai desenvolver os vindeiros días 1 e 2 de decembro, trata de situarse ademais entre nós, os usuarios, consumidores ou profesionais das tecnoloxías e as vacacións de Nadal, co obxectivo de aconsellar, asesorar e, se fai falla, subliñar xusto a información que nos importa de cara ó período de compras que se nos vén enriba. Para dicilo doutro xeito, en Expoenter achégase a documentación para non adquirir tecnoloxía errónea.



### Diálogo para facernos fortes no mercado

Ademais, tratándose como se trata dun salón do novidoso, Expoenter quere converterse en espazo de intercambio de ideas e pareceres para o sector internacional das novas tecnoloxías. Deste xeito, preténdese establecer unha liña comunicación sólida dende Galicia co mundo, sentando na mesa do diálogo a un sector que está a loitar por facerse forte no mercado, o galego. A este tecido de corporacións vanlle poñer voz algúns dos grandes representantes do noso panorama empresarial, participando a maiores a Escola Superior de Informática de Ourense (que colabora sobre todo nas xornadas técnicas), o Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) e as diferentes direccións xerais de Xunta que teñen competencia no eido tecnolóxico. Cómpre sinalar, ademais, que o sector das telecomunicacións tamén estará representando polos principais operadores do mercado.

### Os obxectivos

Como resumo, incluímos os principais obxectivos de Expoenter:

- Presentar as últimas novidades tecnolóxicas a empresarios e particulares
- Fomentar o achegamento ó gran público das ferramentas

de telecomunicacións que se teñen feito imprescindibles na vida cotiá.

### Os asuntos dos que escoltarás falar

Falar da tecnoloxía é falar de tódolos aspectos da vida. Amosala nun conxunto de *stands* é resumir o que nos depara o futuro, no fogar ou no traballo. Expoenter, segundo nos fixo saber a organización, “trata de ofrecer unha magnífica oportunidade para satisfacer a demanda de información sobre as últimas novidades”. Sexas usuario, xefe de empresa ou (por que non?) as dúas cousas. Estes son os asuntos que che interesan:

Hardware  
Software  
Aplicacións e servizo multimedia  
Telecomunicacións  
Videoconferenzas  
Impresión dixital  
Reprografía  
Teletraballo  
Operadores  
Aplicacións de deseño  
Comercio electrónico  
Electrónica  
Provedores de Internet  
Deseño web  
Mantemento de sistemas  
Telefonía móbil e fixa  
Bases de datos  
Cine doméstico  
Son e imaxe

### Oportunidades para universitarios

Esta nova edición (a sexta) de Expoenter quere seguir recoñecendo o espírito innovador dos empresarios galegos do mañá. Así, organízase a nova convocatoria (a quinta) do Concurso de Proxectos Tecnolóxicos que patrocina a Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, contando coa colaboración de Telefónica e máis de Caixanova. A raíz do certame está na presentación de proxectos de fin de carreira por parte de titulados de grao medio e superior dos Campus de Vigo e A Coruña. De entre estes proxectos, as Escolas seleccionan os que teñen meirande aplicación empresarial. Logo, chegan ó xurado, que encargárase de escoller ós gañadores do premio Expoenter.

Este é o programa de actividades:

#### Xoves 1 de decembro

11:00 a 14:00 h. Presentación dos traballos participantes no concurso.

#### Venres 2 de decembro

16:30 h. Selección dos finalistas do Concurso por parte do xurado.

18:30 a 19:30 h. Presentación dos proxectos finalistas.


20:00 h. Fallo do xurado e entrega de premios.

### Megaxove, actividade paralela para os mozos

Para xente nova, cómpre que sinalen este nome nas súas axendas: **Megaxove**. Este salón de lecer e tempo libre para a mocidade coincide nas primeiras xornadas coa celebración de Expoenter no recinto de Expourense. Entre as actividades máis salientables atopamos todo o que ten que ver coa cultura e o deporte, pero no programa tamén se deixa unha ampla marxe para a información e para a tecnoloxía. Ademais de outras moitas cousas, haberá accesos a Internet, xogos en liña, consolas e exposicións variadas.

### Expoenter: breve historia dun recinto exemplar

Expoenter é, dalgunha maneira, unha das moitas facianas que adopta Expourense ó longo de ano. O primeiro non existiría sen o segundo, tanto dende o punto de vista dos intanxibles (organización, espírito, compromiso, obxectivos) como dende o punto de vista do escenario físico. Expourense é a maneira de chegar a Expoenter. No eido físico, cómpre lembrar que este recinto feiral ten as súas portas abertas dende 1996. Ó longo do ano acolle numerosas feiras, cada unha abordando un sector distinto, cada unha tratando de atraer o máis representativo e as últimas novidades de cada sector. O recinto naceu con vontade de ser dinámico, e de satisfacer tamén as demandas daqueles colectivos que queiran amosar o mellor de si mesmos a outros colectivos en congresos, feiras ou outro tipo de xuntanzas. A súa superficie total é de 32.000 metros cadrados, estando 14.000 deles construídos.





## REDACCIÓN

Segundo a organización de Expoenter, as xornadas técnicas son a “columna vertebral” do salón. O núcleo. O centro da cuestión. Están dirixidas e xestionadas pola Escola Superior de Informática de Ourense, e van orientadas a informar, pero tamén a formar. Esa é, di a Escola, a única maneira que temos de vivir hoxe na era tecnolóxica, dando e recibindo información. Van dirixidas a achegar estas novas realidades tanto a empresas como a usuarios particulares, que poderán adquirir todo tipo de datos en base a mesas redondas e conferencias. Resumindo, estes son os obxectivos das xornadas:

- Fomentar a necesidade da utilización das novas tecnoloxías como medio para mellorar a competitividade da empresa.
- Achegar o mundo da informática ó público en xeral, a través de demostracións prácticas, nas que poidan participar directamente ou ben completar a súa formación segundo o grao de coñecemento do sector.

As xornadas técnicas vanse desenvolver en obradoiros,

conferencias e mesas redondas, e este ano están dedicadas á **tecnoloxía do audiovisual aplicada ó eido do lecer**.

Este é o programa da edición deste ano:

### Xoves 1 de decembro

**16:30 h.** Entrega de documentación e presentación das xornadas.

**17:00 a 17:45 h. Telefonía sobre voz IP: a Telefonía do Futuro.** José Antonio Losas. Xerente de L@R Consulting.

**17:45 a 18:30 h. ONO: Unha aposta local, unha empresa próxima.** Javier Mourelle. Responsable de Enxeñería de Clientes da Zona de Galicia e Asturias de ONO.

**18:30 a 19:15 h. Outsourcing fax e servizos IVR.** David Olivieri. Xerente de Quantex Consulting.

**19:15 a 20:00 h. Certificación Dixital: Uso e aplicacións.** Diego González. Autoridade de Rexistro Cámara Ourense.

### Venres 2 de decembro

**11:30 a 13:00 h. Tutorial de Blender 3D.** Pablo Caderno. Tradicionalmente, só existían ferramentas para a creación de animacións e videoxogos baixo Windows, e resultaban


de elevado custe. Agora, existe software libre potente que fai máis accesible a creación de animacións. Este tutorial ensinará técnicas para crear animacións con Blender, unha aplicación en Linux dedicada ó modelado e creación de gráficos 3D.

**13:00 a 14:00 h. GP-GPU: Utilizando o GPU para programación xeral.** David Olivieri. Dpto. de Informática da Universidade de Vigo. Nos últimos anos o rendemento da GPU ten superado o da CPU para determinados tipos de cálculos. Esta charla amosa os avances no uso da GPU para programación xeral a partir de linguaxes especiais, denominadas *shaders*, desenvolvidas para o mundo da animación e os videoxogos.

**16:30 a 18:00 h. Videoxogos baixo Linux.** Diego Pérez. Presidente de GULO. Aínda que a plataforma por defecto da maioría dos xogos máis populares é Windows, este tutorial dará unha visión xeral dos xogos nativos de Linux. Nesta charla amosaranse pasos para a instalación de hardware e software de Linux relacionado cos videoxogos.

# Xornadas para formar e informar

Expoenter quiere fomentar o uso das novas tecnoloxías a través dunha serie de actividades prácticas



## REDACCIÓN

**-Cales son o obxectivos fundamentais do programa de xornadas de Expoenter?**

-O principal obxectivo das xornadas é crear un punto de encontro para os investigadores de tecnoloxía de Galicia. Nas grandes cidades organízanse eventos que posibilitan a presentación de traballos de investigación entre universidade e empresa, e pensamos que tamén é necesario nunha cidade pequena coma Ourense.

**-A quen van dirixidas estas actividades?**

-As xornadas van dirixidas principalmente a estudantes de informática, tanto universitarios coma de formación profesional, así como profesionais e empresarios que desexen obter unha visión das liñas de investigación que se están levando a cabo nas universidades galegas.

**-Que temas van a tratar as xornadas este ano? Que é o que está hoxe en día de actualidade e nós, os usuarios de tecnoloxía, precisamos saber?**

-O tema central deste ano será o desenvolvemento de videoxogos baseado en tecnoloxías Open Source. Falarase de ferramentas de deseño en entornos GNU/Linux, así como de técnicas de programación gráfica avanzada.

**-Cre vostede que é imposible, hoxe en día, acceder ó mercado laboral sen ter bos coñecementos das ferramentas da**

**As xornadas van dirixidas principalmente a estudantes de informática, tanto universitarios coma de formación profesional, así como profesionais e empresarios que desexen obter unha visión das liñas de investigación que se están levando a cabo nas universidades galegas.**

**Sociedade do Información?**

-Depende do posto de traballo. En postos de traballo de oficina, faise indispensable ter uns coñecementos mínimos de informática, como pode ser o manexo de *suites* ofimáticas e correo electrónico. Para perfís máis comerciais tamén é desexable, sobre todo porque a informática permite unha rápida xestión dos datos e axilizar os procesos de compravenda.

**-E as empresas, sexan da actividade que sexan, poden ter éxito no mercado sen contar cunha implicación directa nas novas tecnoloxías?**

-Claro que si. As novas tecnoloxías non garanten o éxito, pero fan que o traballo para tentar acadalo sexa menor. Unha empresa cunha base informática e de comunicacións sólida e ben estruturada pode xestionar mellor os seus procesos e aforrar moito tempo e diñeiro para acadalos seus obxectivos.

**-En que se diferencia Expoenter doutras feiras similares do panorama nacional? Que é iso que a fai distinta?**

-Outras mostras están protagonizadas por multinacionais con solucións enfocadas cara grandes empresas, onde as empresas non teñen protagonismo ademais do desembolso que supón contratar un *stand*. En Expoenter a pequena ou mediana empresa é protagonista, a feira está formada principalmente por iniciativas locais que coñecen ben o mercado galego ó que vai dirixida a mostra.

**-Expoenter, segue a premiar con concursos os proxectos innovadores de estudantes universitarios?**

-Si, coma cada ano celebrábase un concurso de proxectos fin de carreira para estudantes de informática das universidades galegas. Con isto, tamén se pretende por en contacto as empresas tecnolóxicas presentes na feira cos xoves investigadores da universidade.

# “O tema central deste ano é o desenvolvemento de videoxogos con programas de código aberto”

Entrevistamos a David Olivieri, profesor da Escola Superior de Informática de Ourense, e responsable do programa de xornadas técnicas de Expoenter

*As xornadas de Expoenter aglutinan os aspectos máis formativos da feira. Van orientadas a poñernos a tecnoloxía máis preto, a crear fitas máis estreitas entre a universidade e a empresa e a relembarnos (porque nunca está de máis) a importancia de estar sempre ó tanto das novidades da Sociedade do Coñecemento. En Código Cero podemos contactar co profesor David Olivieri, organizador destas xornadas, para que nos fale do “que”, o “como”, o “onde” e o “para que” destas actividades. Nesta edición 2005, o tema principal das xornadas é o seguinte: como desenvolver un videoxogo utilizando ferramentas de software aberto.*



# A feira que se mira

## O salón Mírate levará a Vigo as máis innovadoras propostas de imaxe e comunicación entre o 26 e o 29 de xaneiro

### REDACCIÓN

O panorama de encontros galegos vinculados á Sociedade do Coñecemento non para de animarse. Nesta liña de non dar tregua á fenda dixital no noso país se sitúa o primeiro Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación do Noroeste. Este encontro, que se vai celebrar en Vigo entre os días 26 e 29 de xaneiro de 2006, quere converterse no escenario onde establecen diálogo (fronte común) as seguintes materias: *marketing*, fotografía, publicidade, artes gráficas, deseño, audiovisual, comunicación e Internet. A feira, que terá lugar no Instituto Feiral de Vigo, conta con espazo para máis de cen expositores e nos primeiros bosquexos do programa ábrese unha ampla marxe para presentacións de empresas, conferencias, xornadas profesionais e exposicións.

Mirate 2006 capta a atención do usuario dos profesionais do audiovisual e das novas tecnoloxías. Faino, primeiramente, co propio nome do salón, un termo que establece diálogo, que convida á reflexión, que nos anima a que contemplemos o que fixemos e o que poderíamos facer coa axuda das novas ferramentas e estratexias que aparecen a cotío no mercado. O Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación do Noroeste quere ser como un espazo de encontro no que cada visitante tome conciencia das posibilidades propias. Isto, que semella moi doado de conseguir, non se pode dar nun congreso que siga ó pé da letra os derroteiros de milleiros de congresos celebrados sobre este tema.

Había que marcar diferenzas. Dende a base.

Segundo nos fai saber a organización de Mirate 2006, a empresa Tevemos, este evento nace da *"constatación de que non existe ningunha feira profesional que abrangue a tódolos sectores relacionados coa imaxe a comunicación"*. Ó seu xuízo, feiras como Sign, Exporeclam, Promo Trade ou Serigraph amosan *"unha excesiva atomización dentro do sector ó que representan"*. Polo tanto, a idea de Tevemos era non pecharlle as portas a ninguén: *"Quixemos dar acubillo nunha soa data e lugar a tódolos sectores deste publicidade a empresas de artes gráficas, pasando por medios de comunicación, deseño gráfico, fotografía, marketing, Internet, etc."*.

Deste xeito, Galicia márcase un tanto como país innovador, se chegamos a entender o termo "innovador" como a capacidade de interesar á maior cantidade de persoas.

**WWW.**  
**mirate2006**  
**.com**

Estes son algúns dos sectores que terán representación en Mírate 2006:

- Axencias de comunicación
- Axencias de modelos/actores/casting
- Axencias de publicidade
- Comunicación visual
- Deseño e creatividade
- Deseño industrial
- Editoriais
- Equipos e servizos audiovisuais
- Feiras
- Filmación e fotocomposición
- Formación
- Fotografía
- Grandes marcas galegas
- Impresión
- Informática
- Internet/multimedia/postproducción
- Manipulado
- Maquillaxe
- Marketing
- Medios de comunicación
- Packaging e embalaxe
- Producción audiovisual
- Reprografía
- Serigrafía
- Software
- Telecomunicacións
- Tintas
- Viaxes incentivo

### Apoios dende tódalas fronte

Mirate 2006 conta con apoios de moi variada índole. Dende medios de comunicación a todo tipo de empresas tecnolóxicas, pasando por institucións públicas e firmas galegas dedicadas á imaxe, a reprografía, ó deseño. O panorama é tan amplo como se poida imaxinar, agora que as novas ferramentas facilitan a propagación do elemento visual, o seu uso, a súa función na sociedade... agora que a comunicación non é nada, apenas existe, se non se acompaña dunha imaxe. Malia que este artigo se redactou a mediados de novembro, estando o programa de Mirate inacabado, podemos constatar o apoio dos seguintes axentes: CRTVG, Grupo Voz, Asociación de Empresarios de Artes Gráficas, Xunta de Galicia, Grupo Neo, VisualGraphics, Grupo Faro de Vigo, Grupo Radio Vigo, Asociación de Axencias de Publicidade de Pontevedra, Koi Digital, AVS, Norma Publicidade, Grupo Sei, Universidade de

Santiago, Universidade de Pontevedra, Grupo La Región, EGANET (Empresas Galegas Adicadas a Internet), Tórculo, Carchidea, Anduriña, Norgráfica, Radivideo, Cáccamo Deseño Gráfico, Gabinete Fotográfico, VigoFoto, Expogira. Cómpresinalar que xa a mediados de novembro se vendera case todo o espazo feiral, o que indica a magnitude da capacidade de convocatoria do salón.

### Coincidindo co Día da Publicidade

Non é casual que o salón Mírate coincida co Día da Publicidade, sendo como é unha feira sobre a imaxe a comunicación. Que sería da publicidade sen a linguaxe visual? Que sería da publicidade sen as novas ferramentas tecnolóxicas que amplían as posibilidades da imaxe? Con motivo de celebrar este día, o 27 de xaneiro vaise celebrar a Comida Anual da Publicidade, dentro do marco da propia feira, "o que garantirá unha alta asistencia de empresarios do sector", segundo indica a organización. A maiores, sinalar que Mirate contará coa presenza de colectivos representantes deste eido, como a Asociación Provincial de Axencias de Publicidade (que habilitará un *stand* de 90 metros cadrados) ou Asociación de Empresarios de Artes Gráficas (AEAGG), cun espazo de 162 metros cadrados, o de maior envergadura do encontro.

### Xornadas profesionais

O salón vaise acompañar de actividades para profesionais do sector. Haberá, polo tanto, unha serie de xornadas que xirarán en torno á imaxe e o papel da publicidade. Mentres se redactaba este artigo, xa se confirmara a celebración (dentro da propia feira) dun congreso sobre publicidade. O encontro (dentro doutro encontro) contará coa presenza de numerosos especialistas do sector. Entre eles, Agustín Medina, ex presidente da Asociación Española de Axencias de Publicidade, un dos persoeiros máis influentes do sector a nivel europeo.

Los días 26, 27, 28 y 29 de enero celebraremos en el IFEVI de Vigo el Primer Salón Profesional de Imagen y Comunicación.

Reuniremos a los profesionales del sector de Artes Gráficas con los profesionales del Audiovisual, Comunicación, Diseño, Fotografía, Internet, Marketing y Publicidad para que intercambien impresiones y negocien entre ellos.

Mirate, tú también debes estar.

[www.mirate2006.com](http://www.mirate2006.com)



O Arquivo de Comunicación do Consello da Cultura Galega (CCG) celebrará os vindeiros 30 de novembro e 1 de decembro as xornadas “*Documentación e poder na sociedade da información. O papel dos arquivos e os observatorios de comunicación*”. Este encontro xorde ante a consciencia de que o debate arredor dos contidos que deberá incluír a Cidade da Cultura pon de actualidade a reflexión sobre o papel dos arquivos e os observatorios de comunicación. Elementos clave como a dixitalización, as fontes, a dispoñibilidade dos recursos, as bases de datos, as novas tecnoloxías ou o acceso da cidadanía á información fan imprescindible un intercambio de ideas entre documentalistas e expertos no ámbito comunicativo co fin de afrontarmos os retos de futuro da sociedade da información.

Como organizar a información e como facilitar o uso universal da documentación constitúen factores fundamentais que condicionan o proceso de dixitalización e de creación dos novos arquivos. A organización das bases de datos e as novas tecnoloxías están a abrir ademais posibilidades que cómpre desenvolver e consensuar para fomentar a operatividade dos sistemas e a súa adaptación ás necesidades do usuario.

A inxente información producida e o risco de perda de fondos históricos fan necesaria unha rápida actuación que permita, non só salvagardar este material histórico, senón a súa oferta universal a todo tipo de públicos. A documentación constitúe poder para aqueles medios que saiban aproveitar o seu potencial e un factor fundamental na democratización do coñecemento. A Cidade da Cultura deberá satisfacer esta demanda coa constitución de arquivos de utilidade tanto para investigadores como para interesados no coñecemento do pasado e presente da comunicación en particular e da cultura galega en xeral.

Ademais do papel dos arquivos, resulta crucial o labor dos observatorios de comunicación. O catedrático e xornalista Ignacio Ramonet, director do xornal *Le Monde Diplomatique*, explicará no Consello da Cultura Galega o funcionamento e actividades do Observatorio Internacional de Medios de Comunicación (Media Watch Global), iniciativa xurdida no transcurso do Foro Social Mundial de Porto Alegre do ano 2002 e creado oficialmente en 2003, e da que Ramonet foi un dos principais promotores. Este Media Watch Global, con sede en París, naceu coa vocación declarada de forxar unha arma colectiva de debate e de acción democrática en defensa do dereito de expresión e está formado por xornalistas, universitarios, militantes de asociacións, lectores de diarios, oíntes de radios, telespectadores e usuarios de internet. A entidade



trata polo tanto de protexer á sociedade contra os abusos e as manipulacións, así como defender a información como un ben público e reivindicar o dereito dos cidadáns a ser informados.

Ignacio Ramonet, autor de libros como *A Tiranía da Comunicación* e *Como nos venden a moto* explicará o funcionamento e actividades do Observatorio Internacional de Medios de Comunicación (Media Watch Global), iniciativa xurdida no transcurso do Foro Social Mundial de Porto Alegre do ano 2002 e creado oficialmente en 2003, e da que Ramonet foi un dos principais promotores. Este Media Watch Global, con sede en París, naceu coa vocación declarada de forxar unha arma colectiva de debate e de acción democrática en defensa do dereito de expresión e está formado por xornalistas, universitarios, militantes de asociacións, lectores de diarios, oíntes de radios, telespectadores e usuarios de internet. A entidade trata polo tanto de protexer á sociedade contra os abusos e as manipulacións, así como defender a información como un ben público e reivindicar o dereito dos cidadáns a ser informados. Uns obxectivos que se enmarcan dentro do debate que o Consello da Cultura pretende suscitar coa celebración destas xornadas sobre a complicada relación entre poder e comunicación.

#### Medios e investigadores

Ademais da intervención de Ignacio Ramonet está prevista a participación de destacados investigadores e representantes dalgúns dos principais medios de comunicación galegos e estatais. O encontro e a participación destes expertos supón un importante paso máis no intento de establecer unha ponte de comunicación entre a teoría e a práctica, entre os académicos e os profesionais do sector, para debater sobre o poder da documentación na actual sociedade da información, desbordada en numerosas ocasión polo inxente caudal de datos e opinións que chegan aos medios e aos cidadáns día a día.

Para dar conta deste fenómeno, as xornadas comezarán abordando os desafíos da comunicación e da cultura no terceiro milenio

de man de tres recoñecidos especialistas: Bernardo Díaz Nosty, da Universidade de Málaga, Enric Saperas, da Universidade Rei Juan Carlos e Marcial Murciano, da Universidade Autónoma de Barcelona. Esta perspectiva teórica sobre a información completárase coas achegas de Mariano Cebrián e Emilio García, da Universidade Complutense de Madrid, e Emilio Prado, da Universidade Autónoma de Barcelona, que analizarán a comunicación de proximidade na sociedade global.

Tras estas aproximación xerais aos retos da comunicación, os encontros centraranse en abordar a achega concreta dos arquivos e os observatorios de comunicación á sociedade e á súa información. Representantes dalgúns dos principais medios de comunicación estatais e galegos, como *El País*, a axencia EFE, *La Vanguardia*, CRTVG, TVE-Galicia, Grupo Voz, *Faro de Vigo*, Grupo Correo Gallego, *La Región*, *El Progreso* e *El Ideal Gallego*, debaterán sobre como se manexa diariamente nas súas redaccións a relación entre información e influencia. A súa visión práctica será completada coas achegas de investigadores de diferentes universidades españolas sobre bases de datos e novas tecnoloxías, sobre procesos de dixitalización e recuperación de material e sobre os centros de información e documentación nos medios.

Os organizadores do encontro destacan a importancia de reflexionar sobre estes aspectos desde un punto de vista teórico e práctico, porque a celeridade da información na actualidade implica establecer canles para a súa conservación, localización e uso nun tempo en que prima a caducidade e as dificultades de almacenamento, dada a cantidade inxente de datos producidos. A frase “*quen ten a información ten o poder*” farase cada vez máis patente nos vindeiros anos e converterase nun importante factor económico de uso e cambio, así como necesario alicerce para recuperarmos a memoria.

Máis información, programa completo e inscrición de balde en: <http://www.consellodacultura.org/>

# O papel dos arquivos e os observatorios da comunicación, a debate no Consello da Cultura Galega

## Ignacio Ramonet explicará o funcionamento do Observatorio Internacional de Medios de Comunicación (Media Watch Global)

*A documentación nunca será a mesma logo da Sociedade do Coñecemento. Por outra banda, a información e o xeito de manipulala é a chave do éxito de moitas iniciativas. Como facer para que a información non nos desborde? Como separar o que de verdade nos importa do que non? Cal é a chave para estar ó tanto das mellores ferramentas tecnolóxicas de xestión dos datos? O Consello da Cultura Galega, co fin de achegar respostas a preguntas semellantes ás devanditas organiza do 30 de novembro ó 1 de decembro as “Xornadas sobre Documentación e Poder na Sociedade da Información”.*





## A estratexia de INEO

### A dimensión organizativa

A misión de INEO é ser unha asociación de empresas que desexan colaborar implicándose de xeito activo e sostible no desenvolvemento

**Os investimentos irán encamiñados a obter produtos e servizos útiles que outorguen vantaxes competitivas**

do seu entorno socio-económico, promovendo a implantación das tecnoloxías da información e a comunicación, a innovación baseada na xestión do coñecemento e a aprendizaxe permanente coma elementos claves para competir nun contexto de mercado global.

**INEO é unha organización que aprende, cunha estrutura que lle permite evolucionar**

As entidades que aprenden son organizacións cunha estrutura que lles permite evolucionar. Isto implica dotarse de mecanismos de xestión que lles permitan cambiar para adaptarse e xerar o cambio. Aquelas organizacións proactivas na definición da súa estratexia conseguen xerar nas empresas non só un maior impacto, senón tamén un valor engadido superior.

De acordo con esta filosofía de traballo, e para guiar os seus pasos cara a consecución da súa misión, a organización de INEO basearase en catro piares: a planificación estratéxica, a xestión dos recursos humanos, a xestión dos proxectos e o marketing e a difusión.

### A dimensión financeira

INEO terá coma obxectivo prioritario o autofinanciamento. Asegurará deste xeito a súa estabilidade e supervivencia a medio e longo prazo ó obter os seus recursos de xeito competitivo.



Terá unha xestión moderna e eficaz capacitada para conseguir que a meirande parte dos seus recursos proveñan da prestación de servizos ás empresas e á sociedade. Esa é a garantía de que INEO se atopa preto das necesidades do mercado, xa que o pago por servizos é unha medida da adecuación ás necesidades e intereses das empresas.

A evolución de INEO caracterizarase por un incremento da importancia relativa dos recursos por servizos de crecente nivel tecnolóxico. Contará ademais coa activa contribución económica das entidades colaboradoras interesadas no desenvolvemento da sociedade da

información e o apoio das administracións públicas.

Seguindo o camiño marcado polo Plan Operativo de INEO, os investimentos irán encamiñados a obter produtos e servizos útiles que outorgarán vantaxes competitivas e innovadoras liñas de beneficio para as empresas do sector TIC.

Trátase, en definitiva, de poñer en mans das empresas do sector as ferramentas necesarias para acadar unha mellora competitiva, realizar de xeito conxunto proxectos de gran envergadura fomentando as sinerxías empresariais, crear un entorno empresarial baseado na innovación tecnolóxica e acceder a un maior coñecemento estratéxico.

#### REDACCIÓN

INEO, a gran asociación empresarial das tecnoloxías da información e da comunicación promovida pola Zona Franca de Vigo, conta cun modelo de explotación artellado en dúas dimensións estratéxicas: a dimensión organizativa e a dimensión financeira.

**INEO terá coma obxectivo prioritario o autofinanciamento**

Unha boa xestión organizativa dos procesos internos desenvolve a base de coñecemento e as habilidades básicas da asociación. Isto redonda en beneficios en termos de prestixio e imaxe, factor primordial para obter estabilidade financeira a medio e longo prazo. Polo tanto, a relación entre as dúas dimensións é básica e evidente.

# INEO

#### Socios de Ineo







Numeroso público acodiu ás xornadas celebradas no Centro Social Caixanova de Vigo

## REDACCIÓN

As Xornadas sobre Tecnoloxías e Solucións para a Automatización Industrial (JAI 2005) celebradas na terceira semana de novembro serviron para confirmar á Universidade de Vigo (organizadora do certame a través da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais) como líder en España no que se refire a achegar ferramentas de control tecnolóxico dos procesos industriais. O foro, que se celebrou no Centro Social Caixanova, contou coa participación de case 600 persoas, entre estudantes universitarios (226) e de Formación Profesional (155), investigadores (46), profesores (16) e profesionais (120) do sector. Este alto nivel de asistencia confirma, segundo apuntou o comité organizador á clausura das xornadas, “o gran interese que suscita a información práctica sobre automatización industrial entre os futuros traballadores do sector, sempre preocupados de manterse actualizados”.

Contouse ademais coa cooperación de empresas da talla de National Instruments, Phoenix Contact, Rockwell Automation, Schneider Electric e Siemens. Polo que respecta ó programa de actividades, cómpre sinalar que se desenvolveu en base a xornadas técnicas e relatorios, orientados sobre todo a achegar novas formas de mellorar coas novas tecnoloxías os procesos de automatización e control industrial. Os diversos actos baseáronse nun feito que está fóra de toda dúbida, segundo apuntou o comité: “Toda planta industrial moderna que desexe afrontar con éxito os retos da crecente globalización e competitividade nos procesos produtivos debe ter en conta as novas tecnoloxías e mellorais de forma continuada”.

No transcurso das JAI fíxose constar en todo momento que este tipo de ferramentas son as que, en moitas ocasións, diferencian o éxito do fracaso das empresas nun mercado cada vez máis competitivo. As xornadas, para que ninguén dubidase de que se estaba a apostar pola tecnoloxía,

puidéronse ver e escoitar facendo acto de presenza ou ben a través de Internet, por streaming de vídeo, transmitidas a varios centros das tres Universidades galegas seguindo a canle da rede Torganet.

## APERTURA E OBXECTIVOS

Os encargados (oficialmente) de abrir as portas destas xornadas foron a alcaldesa de Vigo, Corina Porro; o director xeral de I+D, Salustiano Mato, o director do Instituto de Desenvolvemento de Caixanova, Carlos Palleiro; o vicerreitor de Innovación da Univ. de Vigo, Anxo Manuel Sánchez e máis o presidente do comité organizador de JAI 2005, Xosé Ignacio Armesto. Todos eles participaron nos actos de apertura e todos eles tamén coincidiron na necesidade de achegar dous mundos que en ocasións “viven” sen tocarse. O mundo da universidade e o da empresa. Non se trata de sentar a un empresario ou a un profesional entre os alumnos, e viceversa, pero si de intercambiar experiencias, pórse na pel do outro, investigar. É aí onde actúan estas xornadas de automatización, as JAI.

A universidade ten que ser algo máis que un gran centro de formación. Salustiano Mato, director xeral de I+D, fixo fincapé na necesidade de fornecer a “terceira misión” destas institucións. En que consiste esta terceira vía? Consiste na transferencia de coñecemento a través da tecnoloxía. Ó xuízo de Mato, as JAI contribúen a facer realidade esta nova (e sen embargo fundamental) misión. A fin de contas, dixo, os obxectivos do departamento que dirixe e o destes encontros son abondo semellantes, e todo xira (a fin de contas) en torno ó incremento da Investigación e o Desenvolvemento en Galicia.

As xornadas desenvóléronse no Centro Social de Caixanova en Vigo, e non foi casual que se elixira este escenario, como tampouco o foi que se elixira esta cidade, vinculada de maneira estreita ó sector industrial. Representando a Caixanova (colaboradora deste evento) estivo no acto de apertura Carlos Palleiro, quen manifestou o seu apoio a todo o que se faga a prol do desenvolvemento de

Galicia. “Queremos apostar por outra escala de competitividade das empresas galegas, onde exista unha axeitada correlación entre os axentes implicados, e diso precisamente son un bo exemplo estas xornadas”.

## A ORIXE

No transcurso das xornadas, Xosé Ignacio Armesto, presidente do comité organizador, tivo tempo de recordar a asistentes e medios de comunicación cómo se puxo a primeira pedra destes encontros. Onde comezou todo? Quen fixo o posible para que se crease este diálogo entre a universidade e a empresa? “A orixe”, dixo Armesto, “está nos primeiros contactos mantidos entre o noso equipo de traballo con diversas industrias en materia de investigación, traballo que xa se desenvolveu ó longo dunha década”.

Esta relación permitiu a Armesto e o seu equipo (liderado polo doutor Ricardo Marín) establecer contactos directos co día a día das empresas de automatización industrial.

Xurdiu, ademais, a amizade entre as persoas que colaboraban.

“Un día pregunteilles a estas persoas que xa eran os meus amigos que lles parecería participar en actividades universidade-empresa”. E prosegue: “Pouco a pouco fomos amoreando horas anuais de conferencias, derivando logo en ciclos e despois na idea de facer un foro de comunicación, co que contamos con apoios dende tódalas fronteiras”.

E todo isto que temos vai ir a máis, asegura, por se alguén lle queda dúbida de que a relación directa entre alumnos, profesores e empresarios pode ser posible.

# As JAI confirman á Universidade de Vigo como referente en automatización industrial

O Centro Social Caixanova acolleu estes encontros tecnolóxicos entre estudantes universitarios, profesores e profesionais



O equipo organizador dos encontros valorou moi positivamente os froitos desta nova edición



## A Rede empobrecida

Novo repaso polo subsolo de Internet

*Esta sección, a que probablemente menos amizades lle reporta a Código Cero cada mes, vai centrada neste número nos restos da navegación ó longo de dúas semanas. Hai quen di que as nosas sesións na Rede deixan un ronsel doadamente rexistrable, pero é que ninguén fala de cómo a Internet mancha, da borra que che queda ó final de cada sesión. Webs inaccesibles, que ocupan espazo na Rede, que son como coches dos anos sesenta circulando a 50 quilómetros por hora por autopista.*

*Chegará algún día en que alguén as quite do medio, definitivamente.*

*Mentres tanto, cómpre fixarse nelas, antes de que desaparezan.*

FERNANDO SARASQUETE/  
CAROLINA CRUZ



### CUEIROS MÁXICOS

[HTTP://WWW.DODOT.ES/](http://www.dodot.es/)

Hoxe toca falar de produtos de hixiene. Como todo o mundo sabe, Dodot é unha marca moi respectada de cueiros e outro material para facer máis agradable a vida dos máis pequenos da casa, os pobres, que aínda non saben falar e pedir que os leven correndo ó baño. Dodot, como é de supoñer tendo en conta os produtos tan delicados que fabrica e outros aspectos espiñentos do mercado, é unha empresa reservada coa información que lle atinxe. Hai que entendela, posto que somos moitos os internautas pesados e curiosos que estamos desexando coñecer de primeira man os segredos de Dodot (semellante ó misterio dos ingredientes de Coca-Cola), de aí que sexa comprensible que só teñamos acceso a unha mínima parte dos contidos web de Dodot, sendo preciso obter un nome e un contrasinal para entrar dentro deste club dos privilexiados. Xa o din os especialistas, que a información é poder, e o segredo dos cueiros hai que respectalo.


Isto si que é accesibilidade e estratexia de mercado, ou non?



### SAE SE PODES

[HTTP://WWW.ALEART.NET/](http://www.alear.net/)

Unha páxina da que non podería saír nin Houdini sen encadear non é unha páxina. É un pesadelo. Para que tanta complicación? Cal é o obxectivo de enredarte o máximo tempo posible nun espazo onde non se distingue nada? A de Aleart é unha web moi artística, moderadamente vistosa, pero tan



desconcertante como vivir dentro dunha cocteleira. Predominan os negros, as cores vermellas, os ambientes misteriosos, e todo sería máis ou menos admisible se non fose polo difícil que é saír deste sitio. Que acontece se unha persoa que nunca se conectou a Internet se estrea na Rede, polas razóns que sexan, con esta web? O resultado é que teremos un internauta menos. Pensemos por exemplo no que pasaría cun individuo que, non sabendo nada de ópera, reúne unha serie de forzas e decide achegarse a un concerto e iniciar unha aproximación cautelosa. Todo vai máis ou menos ben, ponse cómodo no seu asento, mira á xente que está ó seu arredor ata que dende o pé do escenario alguén lle rompe unha viola na cabeza. É posible imaxinar que lle quedan máis desexos de escoitar música tras este desconcerto, pero non semella aposta segura. O mesmo se pode dicir do internauta novel que se conecte a Aleart.net.

Se te fixas ben, logo desta sesión de liorta con pantallas que se volven negras, botóns que non existen, información ausente e inaccesibilidade absoluta, logo de todo iso e máis, xurarás terlle visto unhas liñas na cabeza, como cordas incrustadas de viola.

verdes e rosas onde non che pode pasar nada malo, sempre e cando non te poñas esixente, pedindo todo tipo de datos específicos, poñéndote pesada, que se queres máis accesibilidade para as persoas invidentes que non poden ver a pantalla, que se non che importa tanta animación e que che gusta ir ó gran, que se as floreciñas brancas e as nubes non che din nada cando se trata de relacionalas con compresas, que se che rebenta a ledicia incesante das Tanga Girls...



### FRASES A MEDIAS

[HTTP://WWW.EGUILUZ.CL/](http://www.eguiluz.cl/)

Os donos desta páxina son consultores e asesores, pero os seus coñecementos no mundo laboral e económico non lles impide encher o fondo da súa web cun mosaico da mesma imaxe repetida. Algunhas seccións tardan en cargar e se pinchamos en clientes aparecen uns logos de empresas que son como versións escritas a man dos orixinais. As imaxes do equipo tampouco melloran o panorama. Hai algunhas que aparecen como estiradas, se cadra debido a certa



### UNHA XORNADA COAS TANGA GIRLS

[HTTP://WWW.EVAX.ES/](http://www.evax.es/)

Cores e máis cores rechamantes, un mundo pop onde ter a regra semella o menor dos teus problemas, un produto claramente feito para xente moi nova, deixando de lado ás mulleres maiores de 25 anos, que semella que non precisan da máxima protección que lle ofrece Evax. A web desta coñecida marca de compresas e outros produtos de hixiene é un mundo de azuis,

relaxación do deseñador gráfico, ou simplemente por coquetería dos fotografados, xa que se temos que aparecer ante o mundo enteiro, mellor facelo máis altos e delgados. Na páxina de inicio hai algúns apartados que che convidan a premer e logo descubres que non é posible. Entón, para que matarse deixándolles sitio? Poñer logos e botóns en Internet que non levan a ningures é como mandar calar a todo o mundo, abrir a boca deixar a frase a medias.

-Xa vos dixen unha vez que...

E logo silencio.



¡Y tú creías que lo habías sentido todo!



# PONTEVEDRA SALUDABLE

UNA PROVINCIA

El Turismo Termal y de Agua de Pontevedra es saludable. Aguas medicinales y terapéuticas, agua que proporciona salud y belleza, una experiencia que te hará disfrutar de momentos inolvidables en cualquier época del año. Es Saludable su mar, sus aguas, su naturaleza, sus montes y ríos, su rica gastronomía, sus fiestas, sus increíbles rutas. Saludable por lo auténtico, mágico y genuino de las Rías

Baixas, en sus encantadores hoteles, sus paradores, sus casas rurales, sus balnearios. Un país con una cultura propia, acogedora, que te espera para mostrarte lo mejor de sí mismo en cualquier época del año. Así es nuestra provincia, Pontevedra te da mucho más de lo que esperas encontrar.





## Objetivo: un país Wi-Fi

Entrevistamos a Martín Varsavsky

Martín Varsavsky (Buenos Aires, 1960) es un tipo inquieto. Un buen ejemplo de emprendedor. Se define como un "doer", antes que gestor, y eso se refleja en su actividad: en los últimos años ha fundado siete empresas, entre ellas Ya.com o Jazztel, así como el proyecto Educ.ar. Ahora, lanza Fon (del que hablamos aquí el mes pasado) con el que pretende hacer, sino un mundo, al menos sí un país Wi-Fi. Entusiasmo no le falta, y desde su web (lo transmite. Le entrevistamos en exclusiva. Han pasado unos pocos años tras la "explosión" de la "burbuja" tecnológica, y muchas puntocom ya están dando beneficios. Algunas de ellas, como Google, Yahoo! o eBay son casi auténticos "blue-chips" de los índices bursátiles. Parece que los planes de negocio no estaban tan sobredimensionados como se llegó a creer...

Para más información sobre Varsavsky: <http://spanish.martinvarsavsky.net/>

David Lombardía  
david@elvilmetal.com

Han pasado varios años. En el sector de las telecomunicaciones y aún más en el segmento de Internet, el movimiento que se experimenta se parece al de una centrifugadora. Desde luego que en aquellos años existían empresas en el sector de las punto.com que partían de un plan de negocios sólido y que ahora lo demuestran en los diferentes mercados en los que operan. Por otra parte, lo de la burbuja sería fácil ahora decir que era previsible, sobre todo si atendemos a los métodos de valoración que en su momento fueron utilizados, como el número de páginas vistas y otros por el estilo. Pero aún así, también existen empresas que fueron fuertemente castigadas cuando no lo merecían tanto. Hablamos con Martín Varsavsky.

**-Jazztel fue una de las grandes damnificadas en ese proceso de "ajuste", que sin embargo ahora levanta el vuelo ¿Cuál cree que fue la mayor carencia de Jazztel en ese momento?**

-MV: Jazztel está funcionando y la gestión de Fernández Pujals demuestra que se trataba de un negocio sólido y preparado para dar beneficios. No olvidemos que Jazztel tuvo también una labor muy complicada en su momento, y que fue la de entrar a competir directamente contra un gigante como Telefónica, y que hasta ese momento gozaba de un status monopolístico en el mercado español en el sector de las telecomunicaciones. Considero que

ahora Jazztel funciona en un mercado más preparado tecnológicamente hablando y que ha habido una fuerte penetración en el consumo de productos como son las conexiones de banda ancha por parte de los españoles. Se empieza a denotar ya cierta madurez por parte del español en la demanda de estos productos, aunque la velocidad y la ubicuidad de estas conexiones aún dejan mucho que desear.

**-¿Ve muchas diferencias entre la gestión de Fernández Pujals y la suya? ¿En algún momento ha exclamado "¡¡Esto tendría que habérsenos ocurrido a nosotros!!"?**

-Fernández Pujals tiene una gran experiencia comercial como lo ha ido demostrando a lo largo de su trayectoria profesional. Sobre determinadas decisiones que ha ido tomando al frente de Jazztel, muchas son adecuadas ahora pero pudieron no haberlo sido hace cuatro años, tanto porque el mercado pudiera ser que aún no estuviera preparado para asumir determinadas acciones comerciales o simplemente por lo que antes comentaba de la cada vez mayor penetración como en su día ocurrió con el consumo de los teléfonos móviles. Son muchos los factores que hacen tomar un tipo de decisiones u otras y desde luego, nunca es lo mismo tomar decisiones en tiempo real que observar las decisiones tomadas ya con cierta perspectiva.

**-Hablando del nuevo presidente de Jazztel... Parece que no hace mucho se encontraron ustedes en un restaurante**

**para hablar de negocios...**

-Sí, es cierto, y tuvimos la oportunidad de poder ver y explorar oportunidades para cada uno de los proyectos de los cuáles ambos estamos al frente. Jazztel y FON. Creo que muy pronto podremos hacer grandes cosas juntos, y que beneficiarán sin lugar a dudas al internauta español.

**-¿Cómo definiría Fon brevemente?**

-FON es una revolución y que llega para dar respuesta a la demanda de los internautas que quieren poder conectarse allí donde estos se encuentren y con un cierto grado de calidad sin tener que pasar por infinidad de barreras físicas, operadores, etc., que terminan por desanimar a cualquiera. FON es la plataforma desde la que cientos de voluntarios y miles de personas ya inscritas estamos luchando por un país Wi Fi, accesible para todos, que como usuarios nos otorgue poder de comunicación real, asequible y en todas partes. Y lo que es más importante, con un coste para el usuario igual a cero. Gracias a FON, tú pagas lo mismo por conectarte en casa y conectarte fuera. Como movimiento, decirte que FON ha surgido en España espontáneamente por todos los que creemos que la tecnología Wi Fi está preparada para dar carpetazo a la eterna promesa incumplida del 3G y que de momento no ha beneficiado al usuario y menos aún lo van a conseguir teniendo en cuenta los precios que pretenden imponernos para así poder rentabilizar sus altísimas inversiones. No estamos viviendo una época de cambios sino que creo que lo que estamos viviendo es un cambio de época en sí mismo y que el Movimiento FON será protagonista en este cambio tanto por su filosofía como por la que aporta a la sociedad.

**-Conseguir las economías de red que necesita un proyecto como FON no es fácil ¿Cómo lo están dando a conocer?**

-Estamos utilizando herramientas de marketing viral, "el boca a oreja", y que a nosotros nos funciona fantásticamente bien, gracias a la fácil transmisión de las ventajas que ofrece la iniciativa. Y podemos comprobar que se está creando un ruido francamente muy positivo alrededor del Movimiento FON. Mi blog personal también ayuda a difundir sus detalles y ya alcanza del orden de entre 6.000 y 10.000 visitas diarias desde que comencé a difundirlo desde este espacio. También la propia iniciativa de la gente que nos envía multitud de ideas y se ofrece a colaborar con nosotros para difundir el Movimiento FON con quedadas en diferentes ciudades y a las que yo acudo personalmente para explicar en qué consiste el proyecto nos son de gran ayuda. Los distintos lanzamientos de FON en los diferentes países -estos días el lanzamiento español lo estamos haciendo en el SIMO de Madrid - nos ayudan a crecer. Los días 4 y 5 de diciembre iremos a París a lanzar el Movimiento FON francés en la Conferencia Les Blogs.

**-¿Qué está siendo lo más complicado a la hora de lanzar Fon?**

-Cuando te lanzas a una iniciativa como ésta, sabes que los obstáculos van a ser muchos y muy variados. Sabemos que algunos van a tratar de ponernos las cosas difíciles para que podamos dar este servicio, pero nosotros lo que intentamos hacer es pensar en lo que el Movimiento FON aporta de bueno a la sociedad y esto nos hace ver los problemas como asuntos por resolver y no como problemas. FON llega para quedarse.

**-¿Y lo más positivo o estimulante?**

-Lo más positivo sin duda, es la gran acogida que estamos experimentando por parte de todo el mundo. Particulares y colectivos de la más diversa naturaleza nos preguntan por el Movimiento FON y piden poder involucrarse. Todos los días ocurren experiencias positivas alrededor de este proyecto y que decir tiene, que nos sirve de estímulo para continuar.

**-¿Acabará Wi-Fi y posteriormente Wimax con otras fórmulas de movilidad como pudiera ser el UMTS, que aún no acaba de despegar?**

-¿Acabará? Wi Fi ya ha acabado por todas las razones que antes explicaba y con la llegada de Wimax... pues la distancia será ya insalvable para que la tecnología UMTS pudiera ser adoptada por la sociedad, y sobre todo debido a los altos precios que pretenden hacernos pagar por poder conectar nuestros dispositivos allá donde vayamos. Con FON ya lo hacemos y pagando lo mismo que estábamos pagando por poder hacerlo sólo en casa.

### EN BREVE...

**Ahora mismo está leyendo...**

*Mapping Human History* de Steve Olsen. En este libro se combinan conocimientos de historia con estudios genéticos de poblaciones humanas y en general se ve como la genética no contradice sino corrobora la historia.

**¿Un reto pendiente?**

Conectar a Internet la otra mitad de los niños argentinos a los que aun no llega [www.educ.ar](http://www.educ.ar)

**El spot o campaña de publicidad que más le haya gustado últimamente**

El de FON que circula viralmente enviado por Gorka, un *fonero*

**Un proyecto que aceptaría sin dudar**

Nunca dirigió proyectos que no eran ideas mías, ahora es FON

**Uno que nunca aceptaría**

Dirigir Telefónica

**Un personaje que le haya marcado especialmente**

Cesar Milstein, científico argentino, premio Nóbel con quien trabajé a los 24 años construyendo Medicorp Science

**¿Tom Peters o Peter Drucker?**

Te vas a quedar sorprendido pero no leo libros de negocios.

**¿Cuál es la empresa que más envidia?**

Google...¿tú no?



[HTTP://E7CIELO.BLOGSPOT.COM/](http://e7cielo.blogspot.com/)

O sétimo ceo está na terra do Quixote e, sen dúbida, se este estivese entre nós sería un amante do cine, facendo imaxinativos comentarios neste mesmo blog das últimas películas que nos agardan nas salas de cine, toleando o seu autor. Nesta páxina fálase moito de cine, pero faise tranquilamente e inclúense fotos e un deseño coidado, algo que, como comprobaredes, non se pode dicir de tódolos blogs nos que entramos sen petar e saímos sen pechar a porta. Ademais, atopamos outros agasallos coma unha serie de carteis de Amélie que nunca chegaron a publicarse, e velaf os temos. Que ben!



tamaño si que importa e 70x100 é o tamaño estándar (dos cartaces de cine). Aquí temos o noso alcance diferentes versións dos cartaces da mesma película, plaxios nada sutís e outras curiosidades. Simplemente unha delicia, este blog é como

[HTTP://MEANDYOU.TYPEPAD.COM/](http://meandyou.typepad.com/)

Así é a vida, non atopamos modelos perfectos por máis que os procuramos, non existe xente completamente triste, nin alegres sen fendas, nin solitarios sen saudade, nin sociable que non precise estar só durante un intre. Deste xeito, existe xente que adora acochase nas salas de cine, outros que gustan de falar sobre cinema e outros que crean cine. En moitos casos, todo acaba mesturándose, así, atopamos o blog de Miranda July, un achádego do indie norteamericano, que nos deixa a súa tenra e insólita mirada sobre sentimentos e situacións que todos vivimos. Estamos a falar do filme *Me and you and everyone else*, que puidemos ver no Festival Cineuropa en Santiago. Ademais, déixanos na Rede o seu blog para entender máis do seu cine, da súa ollada e, finalmente, do noso propio universo.

## Remedio para doentes de cinefilia

**Para falar de cine, nada mellor que os blogs de cine**

*Temos a solución. Para os que van ó cine aínda que non sexa o día do espectador. Para os que non mercan flocos de millo. Para os que ven como o seu espazo queda invadido por centos de DVDs, os que gustan de filmes de xente que morreu e doutros continentes afastados ou exóticos. Chegou a solución para eses que á saída do cine só atopan oídos xordos cando comezan a divagar entre as influencias, as técnicas, os rexistros, o director de arte e certo chisco de ollo a non sei que cineasta de nome impronunciable. Chegou a solución para eses que pensamos que a nosa vida ten banda sonora, que aquel día todo parecía unha peli de Medem ou para os que tiveron gañas de bailar enriba das mesas da oficina e cantarlle con boa rima ó xefe: ti remilgadoooooo, vaiteeee oooooo.....*

*Os blogs sobre cinema permiten facer críticas sen límites, sen Garcí, sen presións da industria audiovisual, etc. Algúns destes blogs céntrase en clásicos ou directores de culto, outros non perden unha estrea, outros nos deixan entrar no seu salón e meternos debaixo da súa manta e ver unha e outra vez a súas pelis favoritas dende os seus ollos.*

*Apagamos a luz, desconectamos o móbil, imos ver...*



[HTTP://CINEFILIA.BLOXUS.COM/](http://cinefilia.bloxus.com/)

A cinefilia é unha doenza crítica, altamente contaxiosa, sen cura coñecida e que vai absorbendo os teus sentidos paseniño. Esta doenza pode conseguir que cantes baixo a chuvia, que lle teñas arrepío ós paxaros, que non se che quite da cabeza o golpe perfecto ou que finalmente entres nunha psicose coa que desenvolvas teorías sobre o número pi para logo crer que es un gran ditador que cambia os luxos de palacio pola cadea perpetua. Si, si, pode pasar iso e moito máis, tende coidado coa cinefilia...

atopar unha caixa de bombóns enriba da túa cama un luns dos máis tristes, todos os comentarios saben ben e hai algunha sorpresa, algún sabor exótico, outros intensos, con licor... O bo disto é que as bitácoras, ó contrario cás caixas de bombóns, seguen a medrar cos días no canto de diminuír.



[HTTP://CINEMAFRIKI.BITACORARAS.COM/](http://cinemafriki.bitacoraras.com/)

Cinema Friki non é unha bitácora de xente seria con camisas amarelas pola naftalina, desa xente que fala moi a modiño e bota o fume do tabaco polo nariz, non son dese tipo de xente, non. Pola contra, Cinema Friki é un espazo galego no que encontrar ruxerruxes, trailers, comentarios, curiosidades, imaxes e novas sobre a sétima arte. Pero os que levan este blog non poden acochar as súas predileccións: o cinema fantástico e todo o que teña relación co cómic ten butaca reservada.

[HTTP://WWW.PAWLEY.BLOGALIA.COM.](http://www.pawley.blogalia.com/)

Todos temos días estranhos, pero os enfermos de cinefilia e xenreira sempre o tiveron máis difícil, é certo. Este é un dos blogs guía da nosa terra, faro non só para eses extravagantes anfibios que respiran cinema senón tamén para aqueles que viven cos ollos ben abertos. Un porto dende onde botarse a navegar e, por suposto, unha ollada ás cousas que tamén nós temos preto e que tamén nós temos lonxe.



[HTTP://SETENTACIEN.BLOGIA.COM/](http://setentacien.blogia.com/)

Os autores deste blog pechan a presentación asegurando que o





# Atlantimag

## Del 9 al 12 de Febrero/06 II Feria Internacional Galaico-Portuguesa de Fotografía, Vídeo e Imagen Digital

### II Congreso Internacional de Fotografía y Vídeo 9 y 10 de Febrero/06

#### JUEVES. 9

09.30 h.  
Entrega de documentación  
Lugar: Pabellón 1

10.00 h.  
Plato Fotográfico:  
"Gestión de color aplicada  
a la fotografía digital"  
"Gestión de pruebas a Laboratorio"  
Patrocinado por ROS FOTOCOLOR

12.00 h.  
Pausa - Café

17.30 h.  
Visita a expositores

14.00 h.  
Comida  
Lugar: Restaurante de Visitantes

16.00 h.  
Visita a expositores

18.00 h.  
Ponencia:  
"Dall cuore alla fotografia"  
Ponente:  
D. Mauro Ranzato  
Italia

#### VIERNES. 10

10.30 h.  
Ponencia:  
"El sentimiento de la luz andaluza"  
Ponentes:  
Yolanda y Antonio  
Yvan Fotografos - Sevilla

12.00 h.  
Pausa - Café

12.30 h.  
Visita a expositores

14.00 h.  
Comida  
Lugar: Restaurante de Visitantes

16.00 h.  
Ponencia:  
"La fotografía vista por Jorge  
Santos"  
Ponente:  
D. Jorge Santos  
Portugal

18.00 h.  
Clausura del Congreso  
y entrega de Diplomas

18.30 h.  
Visita a expositores

22.00 h.  
Cena de Gala - Pomenaje:  
Toda una vida en el mundo de la  
fotografía dedicada a los fotógrafos:  
D. José M<sup>o</sup> Santero  
D. Ernesto Schreck (padre)  
Lugar: Hotel



#### Organizadores:




#### Colaboradores



FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA 36540 SILLEDA · Pontevedra · Tel 986 577000  
atlantimag@feiragalicia.com · www.feiragalicia.com







# Redes Inalámbricas

Una realidad cada vez más próxima que en A Estrada está dando sus mejores frutos

## MODESTO PENA

Ciertamente y, cada vez más, observamos la importancia estratégica que está tomando la comunicación inalámbrica. Veíamos en días pasados en el SIMO, allá por la capital de España, que la mayoría de las empresas del sector informático ofrecían productos basados o relacionados con estas tecnologías, las ya famosas WLAN. De todas ellas, las redes Wi Fi se están imponiendo a las redes de cable, y así podíamos ver cómo la mayoría de las ciudades digitales diseminadas por España ya han desplegado sus redes, y con resultados muy satisfactorios. Han conseguido (en la mayoría de los lugares) cubrir el vacío de mercado que los operadores tradicionales de ADSL han dejado desierto, por no ver rentable la instalación de postes y cableados y, con ello, habían dejado a los ciudadanos sumidos en la eterna "segunda división".

Se vislumbran también en el horizonte distintas tecnologías como el Wimax, que intenta hacerse un camino, pero está muy lejos todavía de ser algo real y con posibilidades de pelearse con la tecnología Wi Fi. De hecho, son varios los factores importantes que dan al trasto (por el momento) con la consolidación de esta alternativa.

- El desorbitado precio de los equipos, que multiplican por tres o por cuatro el precio del Wi Fi.
- La estandarización, ya que por el momento los fabricantes no tienen claro todavía la compatibilidad entre unas marcas y otras y se quedan en unos Pre-Wimax propietarios de cada marca, con lo que la compatibilidad entre ellos es inexistente.
- Y, sobre todo, tiene en contra la seria implantación del Wi Fi, que está de serie en la mayoría de portátiles y terminales de todo tipo a precios casi sin coste, y con tendencia a la baja. Todo esto hace de las nuevas tecnologías que se pretenden implantar unas soluciones que no pueden competir con Wi Fi sin salir maltrechas de la contienda.

## REDES MESH, WI FI CON TECNOLOGÍA DE RED CELULAR

Hemos visto también que las redes Wi Fi, con el Wimax llamando a la puerta, ya han movido ficha y algunos fabricantes ya están incorporando en sus puntos de acceso un sistema de *roaming* entre todos los equipos de la red, algo que se conoce como "Mesh", y que es una copia de la telefonía celular pero adaptada al Wi Fi. Esto consiste en lo

siguiente: los puntos de acceso ceden una parte de su ancho de banda para generar capacidad de conexión con sus "hermanos" vecinos y comprueban de dónde les viene la señal y así se repite hacia el usuario que la demanda, se cambia de canal al de mejor calidad y un sinfín de cosas que ya utiliza la telefonía celular que todos conocemos.

Por estos motivos, ya se están echando a temblar los operadores de telefonía móvil, ya que estas redes están poniendo de moda la telefonía IP, con muchos millones de usuarios utilizando el famoso programita SKYPE, [www.skype.com](http://www.skype.com), que permite, entre otras muchas cosas, hacer llamadas de voz entre ordenadores de todo el mundo a coste cero, e incluso a cualquier teléfono fijo y hasta a móviles, a costes hasta cien veces menores que los operadores tradicionales. Tanto es así, que en Estados Unidos los poseedores de PDAs con conexión Wi Fi ya no usan el móvil, es sólo cuestión de tiempo el que nos subamos masivamente a este carro y creo que las redes inalámbricas Wi Fi con *roaming* entre puntos de acceso serán una solución definitiva. Hemos visto ya en el SIMO teléfonos móviles duales que permiten la telefonía IP a través de Wi Fi cuando existe esta conexión, con lo que supone de ahorro esta tecnología.




## CIDADE DIXITAL DA ESTRADA: SOCIEDAD DEL CONOCIMIENTO COMO IMPULSORA DEL BIEN-ESTAR.

Una vez más hemos de referirnos a la Fundación Cultural de A Estrada, que ha desplegado ya su red Wi Fi para llegar a los 25 *ruralcentros* actualmente existentes. El proyecto contó con el conocimiento técnico de la empresa local [www.sointel.es](http://www.sointel.es), que ha conseguido enlazar vanos de 30 kilómetros alcanzando velocidades de 11 Mbps. Con equipamiento estándar en el mercado han demostrado lo que pueden resolver estas redes cuando se conoce bien el mundo de la radio y, sobre todo, el terreno donde ubicar estratégicamente los puntos de acceso.

La red Wi Fi ya está plenamente operativa, y si no que se lo pregunten al alcalde Ramón Campos, que ha disfrutado de varias videoconferencias con sus vecinos cuando se encontraba en Argentina, y veía al fin superada esa brecha tecnológica que suele separar al rural de los habitantes del núcleo municipal. Después de esta iniciativa, la Fundación Cultural de A Estrada quiere poner el listón mucho más alto y pretende extender esta conectividad con un nuevo proyecto dirigido a todos los ciudadanos del municipio, incluido su casco urbano. Para ello, acaba de hacer público un concurso para que las empresas del sector oferten sus mejores productos y, con ello, conseguir el objetivo de "ofrecer toda clase de servicios a los ciudadanos a través de las ventajas de una red inalámbrica". En base a esta iniciativa, en unos pocos meses veremos cómo los estradenses pueden disfrutar de la nueva autopista para dejar de estar aislados en una esquinita del mundo, y convertirse en una aldea algo más global de lo que era.

Los datos sobre este concurso están en: <http://www.aestradadixital.org/>







## Os xogos que nos axudaron a ser mellores persoas (?)

O último produto da casa Rockstar, no que un rapaz de instituto maltrata ós seus compañeiros, devolve á vida ás vellas pantasma da polémica


*Cada certo tempo, o mundo dos videoxogos vólvese obxecto de críticas por parte de certas organizacións non gobernamentais, institucións públicas e colectivos. A culpa disto, cómpre deixalo claro, non a teñen tódolos videoxogos, senón unha serie de produtos ben coñecidos que fan apoloxía dunha violencia excesiva e gratuíta. O último en erguer a caixa dos tronos foi o videoxogo "Bully", un lanzamento de Rockstar que incita a poñerse na pel dun adolescente que maltrata ós seus compañeiros. O xogo, desprezable se mire por onde se mire, vén acompañado dun labor de marketing que non é novo (xerar polémica a toda costa) pero si efectivo. Un exemplo: Yahoo! indexaba, mentres se facía este artigo, 332.000 webs que levaban os seguintes termos: "Bully" e "Rockstar". A controversia xerada por este xogo, que conta coa complicidade de (nós) os medios de comunicación, fixo que algúns dos nosos lectores nos preguntasen polos antecedentes destas polémicas e polas consecuencias. No seguinte artigo facemos, con "absoluta" imparcialidade, un repaso pola breve pero intensa historia dos xogos que, dende logo, non contribuíron a facer unha sociedade máis xusta.*

FERNANDO SARASQUETE/  
MARCUS FERNÁNDEZ

### Bully, o xogo a contrapelo

Hai xogos inoportunos, e probablemente "Bully" sexa un dos máis inoportunos dos que se teñen visto no mercado. A non ser, claro está, que unha vez máis a total incorrección sexa unha (boa) estratexia de venda. Sexa cal sexa o motivo da aparición deste produto da firma Rockstar, o resultado é o mesmo. Os maiores non xa queren saber nada deste videoxogo no que o usuario se pon na pel do abusón da clase (incluso se esixe no xogo que maltrates fisicamente ós compañeiros) e, pola contra, unha boa parte da mocidade fascinada coa violencia vai recibir a "Bully" cos brazos abertos. Quen ten a culpa? Case seguro que todo o mundo, pero o caso é que o videoxogo xa está en case tódolos medios de comunicación (Galicia Hoxe, o único xornal na nosa lingua, incluíno en primeira plana do venres 11 de novembro), dende onde lle facemos todos un importante e nada desprezable labor de publicidade querendo facer, precisamente, o contrario, condenalo.

Tódolos xornais achegaron unha completa información sobre o xogo. O protagonista, Jimmy Hopkins, ten "elevados" ideais na vida, sendo o seu máximo desexo zurrarlles ben a badana a compañeiros e profesores e facerse co amor (¿?) da moza máis guapa do instituto. As voces de protesta chegaron logo como unha boa tronada. Asociacións de pais, de consumidores e todo tipo de institucións públicas e organizacións. De entre as voces, unha das máis enérxicas foi a do Defensor do Menor da Comunidade de Madrid, Pedro Núñez Morgades, que avalía a posibilidade de iniciar batallas legais para impedir a súa



comercialización. Cómpre sinalar que non é a primeira vez que Rockstar Games ofrece produtos da maneira, sempre animando ós usuarios a actos violentos, e GTA San Andreas, xogo do que falamos nestas mesmas páxinas, é un bo exemplo disto. E nós, nesta revista Código Cero, como ó principio deste artigo e crebando momentaneamente o noso código de imparcialidade, seguímonos a preguntar: a que vén a conto este xogo? Pode haber algo máis estúpido que poñer isto no mercado mundial?

### Doom, primeiras dores de cabeza

A ledicia que senten os nenos cando proban un novo videoxogo destas características é inversamente proporcional á dos seus pais. Relembramos o caso da saga "Doom", que ten un primeira versión no mercado en 1993. Tratábase de saír dun labirinto



intentando matar ós personaxes sinistros que se te metían no teu camiño.

Tiña reminiscencias de "Posesión Infernal" (Sam Raimi) e as súas secuelas, e tamén da serie "Alien". Foi o primeiro co que se puído xogar en rede, sendo ademais o produto máis popular da súa época. Xusto no pico da súa fama, comezou a polémica e diversas institucións educativas lanzáronse a advertir dos serios perigos que este xogo traía consigo para os menores de idade. Os centros de educación deron a voz de alarma por unha razón fundamental: os computadores postos a disposición dos alumnos nas salas de formación estaban a ser utilizados para xogar, e non se podía permitir iso...

A polémica podía ter quedado aí, se non fose porque colectivos cristiáns sinalaron o carácter satánico deste videoxogo.

A pregunta é: cantos produtos existen hoxe no mercado que teñen contidos de tipo dubidoso para os mozos e mozas e que non causan polémica porque non teñen éxito?

Así e todo, e sen meternos na cuestión de se "Doom" era ou non cuestionable, o cumio da polémica chegou en 1999, trala tristemente célebre matanza de Columbine, Colorado.

Relembramos.

O cantante Marilyn Mason, tralos acontecementos, foi posto no punto de mira (e nunca mellor dito) da sociedade cristián estadounidense. Por que? Pois porque os autores da matanza eran afeccionados á súa música.

O mesmo ocorreu co "Doom". Ocorreu que o xogo estaba no lugar equivocado no intre equivocado. Un dos mozos que participaron na masacre era afeccionado a pasar longas noites perante o "Doom". A sociedade foi unánime: o xogo tiña gran parte de culpa dos acontecementos.

Cómpre reflexionar nisto.

Debemos acusar a Wagner por ter instigado a Hitler a todo tipo de crimes?

### GTA San Andreas, a violencia pola violencia

Millóns de copias vendidas en todo o mundo, e centos de miles en España. "GTA San Andreas" foi todo un acontecemento social, e segue a espertar paixóns entre mozos e mozas afeccionados ós videoxogos. A súa liña argumental é ben sinxela: hai unha banda de delinquentes co seu líder (o usuario) que ten que recuperar o seu dominio na cidade, posto en cuestión polos seus rivais. Para conseguilo, é preciso botar man da violencia. Unha violencia, por outra banda, esaxerada. Os usuarios, polo tanto, poden matar, bater, roubar, facer o que se lles veña en gaña. E non só iso, senón que, canto máis cafre sexas, máis recoñecementos recibirás. Ó longo de todos estes anos tense discutido moito sobre a violencia gratuíta deste videoxogo. Organizacións sen ánimo de lucro como o Instituto da Muller ou Amnistía Internacional posicionáronse totalmente en contra da súa distribución, mentres que (sen saír de España) colectivos de fabricantes de videoxogos como ADESE alegaban que non había nada neste tipo de videoxogos que non se atopase cada día no cine ou na televisión, sen que ninguén protestase por iso.

É posible que todo o mundo tivese parte de razón, como tamén é posible que o xogo "GTA San Andreas" sexa auténtico lixo, pero non por iso se debe prohibir que se poña á venda (dicían os fabricantes e distribuidores). Sexa como sexa, o célebre videoxogo non se fixo





famoso unicamente por estas razóns, senón tamén por outras, distintas pero complementarias. Esta revista fíxose eco delas en canto se descubriron, que levaron a un segundo plano as primeiras polémicas. Foi unha modificación do programa chamada *Hot coffee* a que fixo posible que diversos usuarios puidesen acceder, na versión para PC do videoxogo, a certos contidos ocultos. Neles, os personaxes realizaban actos sexuais explícitos. A polémica estaba de novo servida, alimentándose a si mesma.

### O caso arxentino

As polémicas sempre lle abren a porta a outras polémicas. Esculcando nas trastendas da Rede atopamos información sobre as medidas aprobadas polo Congreso arxentino no que se refire a controlar a comercialización de videoxogos naquel país. Incluso se chegou a aprobar unha lei na que se obrigaba a fabricantes e distribuidores a engadir a seguinte información ós seus produtos: “*A sobreexposición é prexudicial para a saúde*”. Esta regulación apoiábase en diversos estudos (anónimos, e polo tanto discutibles) que trataban de amosar que moitos mozos afeccionados ós videoxogos desenvolvían graves problemas de personalidade, engadindo que existe relación entre a violencia que vai implícita nalgúns destes produtos e a que logo manifestan na vida real os rapaces.

O xornal Clarín fixo un estudo no país para dilucidar quen estaba a favor e quen estaba en contra da devandita lei. Gañou, por goleada, o “non”.

Así e todo, non atopamos nada en Internet que nos indique que en Arxentina se levasen a cabo medidas semellantes para controlar a televisión ou Internet.

### Existe relación entre a violencia nos xogos e a violencia real?

Cos efectos dos xogos violentos sobre os nenos pasa como co Prestige. Os analistas non poderán avaliar os danos reais ata que pase certo tempo (e aí remata a semellanza entre o buque e os videoxogos). Sobre esta cuestión, hai opinións variadas. O usuario medio de videoxogos, que non é sempre un mozo de entre 12 e 18 anos, tal e como se pensa, é o que máis trata de quitarlle ferro ó asunto. Pero non está só, na súa loita. Ten ó seu carón a unha boa parte dos usuarios de Internet do mundo e a todo o sector do lecer dixital. Non é tarefa doada, a súa. Deben convencer a gobernos, institucións e ONGs de que ser usuario de videoxogos violentos non ten porqué desencadear violencia na vida real. Na súa contra teñen estudos coma o da Universidade de Saint Leo en San Antonio, Florida, dende a que se advirte de que se corre o risco de que os nenos se insensibilicen con respecto ó sufrimento dos demais, logo dun uso intensivo de videoxogos violentos. Un dos autores do informe, Kevin Kieffer, avaliou 16 estudos complementarios que se centraban no uso dos videoxogos e a relación con agresións a nenos menores de idade.

O resultado destas investigacións foi o descubrimento (di Kieffer) de que os rapaces sometidos a longas sesións con xogos violentos tenden a ser máis agresivos a curto prazo cos compañeiros e a discutir máis cos individuos que representan á autoridade.

### ADESE pide máis equidade

Entre as voces que tratan en España de desdramatizar a situación dos videoxogos violentos

atópase a Asociación Española de Distribuidores e Editores de Software de Entretenemento (ADESE), que afirma que non é certo que haxa unha gran porcentaxe de produtos deste tipo que atenten contra os dereitos humanos, e que informes como o de Amnistía Internacional no que se afirmaba precisamente iso (que a porcentaxe é ampla) son alarmistas e tendenciosos. Ademais, o colectivo defende a liberdade de expresión e a equidade á hora de xulgar os contidos destes xogos polémicos e os que se ofrecen dende a Rede ou a televisión, onde semellan estar mellor vistos. ADESE defende tamén o uso do Código de Autorregulación coñecido como Pan European Game Information (PEGI) que empregan tódalas empresas de distribución de videoxogos en España.

### Posturas en contra: Amnistía Internacional

Amnistía Internacional é unha das organizacións que máis se posiciona en contra da distribución deste tipo de xogos. O seu informe sobre a cuestión, no que se denunciaba que a metade dos videoxogos supoñen un abuso contra os dereitos humanos e que atentan contra a dignidade das persoas, é un dos máis solicitados cando se trata de buscar documentación sobre estas controversias. Segundo esta ONG, a situación é abondo grave, xa que só o 2% dos produtos á venda están clasificados como para maiores de idade. No informe facíase fincapé na preocupación que esperta nos membros de Amnistía Internacional o feito de que existan casos como o de “*GTA San Andreas*”, no que se pode matar a golpes a unha prostituta para recuperar os cartos gastados nos seus servizos, o de “*Neverland*” (no que se toma o papel de Michael Jackson á caza de menores cunha escopeta de redes) o de “*Kaboom!!*” (no que hai unha misión suicida contra o pobo de Israel) ou o de “*Caída Libre*” (no que hai que axudar a un rapaz a suicidarse botándose dende un balcón).

Subliña esta ONG que este tipo de xogos pode deshumanizar ós nenos, e incluso pode afectar ás súas pautas de comportamento, polo que xa teñen pedido en varias ocasións que se tomen medidas legislativas para controlar os contidos dos videoxogos, que hoxe en día se rexen polo Código de Autorregulación (PEGI).



## Facendo de Avogado do Diaño

PABLO GRANDÍO

Persoalmente “*Bully*”, o novo centro da polémica dos videoxogos, non me atrae en absoluto, e coñécese que Rockstar Games, a compañía responsábel, basea a súa estratexia na comercialización de xogos controvertidos, polémicos, aínda que sendo xustos, dende un punto de vista de deseño, innovadores (“*Grand Theft Auto*” é unha boa proba disto). Así e todo, hai que facer algunhas puntualizacións sobre esta nova campaña contra os videoxogos que están a seguir a práctica totalidade dos medios de comunicacións españois. En tódalas reportaxes que teño lido sobre o asunto omítese, ou menciónase vagamente –mesmo as veces con ironía– un feito crucial: o xogo é para maiores de 18 anos.

Sinalar isto é moi importante porque de feito Rockstar non está a tentar vendelo xogo ós rapaces, os que sufrirían ou exercerían o acoso, senón ós maiores de dezoito anos que, estereotipos aparte e cos datos de vendas na man, son a maioría dos usuarios de PlayStation 2 e Xbox, as plataformas nas que sairá, se ó final se permite, o xogo. Pode que en España se ignore a clasificación por idades, por mor destes estereotipos e prexuízos sobre o mercado do videoxogo e a súa demografía, pero en países como Estados Unidos, o principal mercado de Rockstar, tómase moi en serio. Do mesmo xeito que un pai se preocupa por qué película vai ver o seu fillo de doce anos ó cine, tamén debería preocuparse por qué videoxogo vai comprar, ou lle van deixar, ou vai xogar a casa dun amigo. Non se pode recorrer a corta-la liberdade de expresión para eximirse dunha responsabilidade.

O videoxogo é politicamente incorrecto, si, e tamén desagradable, pero o mesmo pasa con centos de libros, cancións ou películas que non sofren da mesma campaña dos medios de comunicacións. ¿Non hai libros que incitan, directamente, a cousas peores? ¿Non hai cada vez máis cancións que predicán a violencia? E mellor non falar das películas, onde hai moitos casos análogos ó de “*Bully*”, e outros peores (alguén dixo a unanimemente aclamada “*A Laranxa Mecánica*”), aínda que parece que neste medio basta coa advertencia de idades e ninguén pide a prohibición de filme ningún.

Ó meu parecer unha das craves deste axunto é a novidade que representa o videoxogo como medio, e a falta de datos que poidan demostrar que algo que “se xoga” pode ter máis –ou menos, quen sabe– influencia na mente dun rapaz que algo que se ve, se escoita ou se lee. Dado o pouco coñecemento dos videoxogos por parte dun sector da poboación –os maiores de 35 ou 40 anos–, reaccíonase con medo e de forma radical, pedindo a prohibición de algo que está dirixido e indicado para maiores de 18 anos. Alí fora hai xente que tolea lendo a Nietzsche, desmaia ó ver a Bustamante ou soña con te-la súa propia mafia vendo “*O Padriño*”, e non vexo a ninguén tentando impedilo.



# XIMNASIOS



**Carlos Lozano**  
cuetorubio@yahoo.es

Calquera que visite con asiduidade os ximnasios terá observado que, a parte dos *modeliños* máis ou menos rechamantes e sofisticados de roupa deportiva, os rapaces e rapazas mostran, recentemente, unha variedade desconcertante de reprodutores musicais pendurados das orellas. Lonxe quedan os días nos que era estraño ver alguén suando a camiseta ó ritmo da música interior, produto case seguro dalgunha emisora de radio musical. Algún atrevido levaba o “walkman” a casete, e un pouco

máis tarde o reprodutor de CD portátil. Pero, sen dúbida, era xente de poucas ambicións porque, con unha miserable hora de música, ou pouco máis, a xornada ximnástica era de duración escasa.

O reinado do mp3 e demais formatos comprimidos cambiounos o modo no que escoitamos a música fóra da casa. E a repercusión mediática de certos aparellos, como o iPod -lonxe do alcance económico da maioría dos usuarios, por outra parte- parece que favoreceu a desaparición de certa vergoña ou resistencia a levar os pequenos equipos musicais a calquera sitio.

Porque o certo é que o fenómeno non está cambiando os costumes da banda máis nova da poboación, todo o contrario, é a xente de certa idade, que se pode permitir modelos máis sofisticados, a que parece que ten apertada con máis fe a nova relixión. Pola rúa, nos mercados, no autobús e nos ximnasios onde máis, xente de tódalas idades leva algún reprodutor de música nas orellas. Nestes últimos, templos do culto á saúde e ó coidado físico, é onde o observador curioso pode tirar interesantes conclusións acerca desta nova moda.

O primeiro que hai que sinalar é que a contía da cota de abono é directamente proporcional á abundancia de iPods nas salas. Moito máis ca roupa -nestes días o que non leva roupa de marca ó ximnasio é que non se pode

permitir ir a un- estes reprodutores de branco immaculado marcan estilo. Dentro dos seus posuidores hai quen o esconde, aínda un pouco avergoñado de tan impúdica mostra de gusto e poderío, e soamente ese cable tan branco e tan puro, e eses auriculares tan estilosos delatan o discreto amante dos prodixios da marca da mazá mordida. Por outra banda está o fachendoso ximnasta, o que pon a cinta á máxima velocidade e inclinación, o que lle dá ó pedal cun ritmo do demo ou que tira de máis peso que un vasco campión de levantamento de pedra. Ese é o que lle compra unha funda transparente ó seu iPod para podelo pendurar do pantalón e así movelo con ritmo e soltura, amosando ser digno de tanta tecnoloxía.

Se nos movemos do centro da cidade, e dos ximnasios de nivel, cara ó extrarradio e lugares máis populares, os reprodutores de máis éxito son eses multifunción, tipo chave USB, que tanto serven para intercambiar ficheiros da oficina á casa -e viceversa- como para levar algo de musiquiña en mp3. Os seus propietarios non soen ser do tipo discreto, así que normalmente van colgados do pescozo, dando bandazos co movemento propio da actividade física, e arrancando brillos os cromados que son a seu sinal de identidade. Rechamante, pero non máis que eses chándales de cores ácidas que arrancan bágoas dos ollos pouco afeitos.

Hai un terceiro tipo de ximnasta oínte musical, o menos abundante, pero que se atopa en calquera local. É o que leva o reprodutor de música no teléfono móbil. Este é o máis gracioso; polo xeral é consciente que o seu é un pouco excesivo, en canto á necesidade de estar comunicado incluso



nunha actividade tan íntima, polo que o móbil permanece agachado no máis profundo da súa roupa, e soamente o cable dos auriculares ou o premedor do micrófono do “mans libres” amosan un escravo do celular. E dicía que este era o máis gracioso porque todo vai ben, e pasa desapercibido ata que recibe unha chamada, entón é cando toda discreción se ven abaixo e o home -ou a muller- ten que manter unha conversa, que dende fóra parece consigo mesmo, arriscándose a parecer un arrotado falando só. Nesa circunstancia téndese a falar baixo nun principio, pero como o interlocutor non te escoita e ti tes os auriculares a tope, para escoitar a Springsteen como merece, ó final rematas berrando máis do desexable para permanecer no discreto plano que se pretende.


Antes de que alguén pense en acusarme de algo feo, direi que eu son deste último tipo de usuario. Non comprendo como os fabricantes de móbiles dedican tantos esforzos a poñerlle ó aparato cámaras, luciñas, pantallas de moitas cores e demais caralladas, e só recentemente prestan un pouco de atención a

implementar correctamente un reprodutor de música no terminal. Durante moito tempo só o Nokia 6230 servía axeitadamente para esta función. Gloria e honra a este móbil, competente reprodutor de mp3; mediocre, pero presente, a radio FM e excelente como comunicador. A pesar de que é un pouco esixente coas tarxetas de memoria e que hai que apagalo para cambialas, non creo que haxa moitos dos seus usuarios que non o admiren.

Pero na actualidade a competencia fíxose moito máis dura: Motorola, Samsung e Sony-Ericsson teñen aparellos moi interesantes, a máis da propia Nokia, claro. Por riba de todos, Sony parece ter máis interese que ninguén en asimilar o concepto “walkman” ó do teléfono móbil. O W800 parece ser a resposta á necesidade de oír música e estar comunicado. E non podía ser doutra forma, sendo eles os inventores do concepto de “música en movemento”. Aínda que sexa para non chegar a ningures, subido na bicicleta estática ou na cinta sen fin do ximnasio máis próximo.



## Navegacións Cotiás



**Manuel Gago**  
magago@usc.es

### FON e a rede compartida

“En España xa hai ancho de banda para todos, o tema é que está mal distribuído”. Quen así fala é Martín Varsavsky. Para quen non o coñeza, Varsavsky é un empresario arxentino que fundou, no seu momento, Jazztel e ya.com e outros negocios da sociedade da información. Despois de forrarse coa venda deste operador de telecomunicacións, Varsavsky orientou a súa actividade en múltiples campos que sempre combinan factores sociais e económicos. A súa última aventura é o movemento FON e o seu plan é moi sinxelo: aproveitar os excedentes de conexión de Internet derivados das ADSLs domésticas e redistribuílos, vía wireless, para o disfrute doutros usuarios, tentando conseguir a maior parte de cobertura territorial posible. En palabras do empresario: “*comparte a túa conexión empreñando WiFi e ao mesmo tempo disfruta de acceso alá onde o resto dos membros se atopan*”

Os usuarios estamos a coñecer o proceso de construción da empresa directamente a través do seu blog persoal ([spanish.martinvarsavsky.net](http://spanish.martinvarsavsky.net)), dun xeito tan insospitado e transparente que parece un fito insólito na empresa estatal. Dúvidas, problemas, demandas, reflexións en voz alta van construíndo os recursos humanos, o software, os custes, o modelo de negocio diante de todos, que asistimos á fundación da empresa como un espectáculo. De feito, estou seguindo o proceso moi de cerca porque esta empresa parece inaugurar, no Estado, un novo modelo de acción empresarial: FON baseará a súa acción empresarial na explotación do factor social e cooperativo potencial dos clientes, en facelos copartícipes e corresponsábeis

da actividade da empresa. Haberá varios niveis de usuarios: os “linus” cederán a súa rede gratuitamente e recibirán, ao mesmo tempo, acceso gratuito. Os “bills” unicamente venderán o ancho de banda que lles sobre e a empresa pagaralles o 50% dos beneficios que xere o seu acceso. Ao mesmo tempo, FON tamén venderá conectividade ADSL.

FON fala de negocios construídos en comunidade nos que o concepto de “cliente” enriquecese co matiz “socio”. Implicar ao usuario no mantemento do propio servizo é un intelixente xeito de aforrar custes e reducir problemas, e pensar na propagación do negocio de xeito viral, boca a boca, que sempre é o mellor xeito. Esta responsabilidade compartida mellora o mantemento do propio produto. Varsavsky non descubriu a fórmula da alquimia do ouro, pero soubo cavar ben na mina. Xa antes Google, co seu programa AdSense, multiplicou o éxito da publicidade convertendo aos creadores de blogs en axentes comerciais directos da compañía de Redmond.

Non teño nin idea de como resultará o negocio. Porque Varsavsky pensa nun entorno no que os usuarios andan pola rúa co seu portátil en plan mobilidade total, e eu sospeito que o acceso doméstico a Internet segue a estar vinculado a un consumo de comunicacións, e entretemento, con franxas horarias moi determinadas. Quero dicir: non sei se moita xente precisará de Fon para a súa conectividade. Pero ninguén lle poderá negar valentía e orixinalidade ao proxecto. Moita sorte.





# SOFTGAL

desarrollo e integración de sistemas


soluciones e-business

ingeniería de sistemas, redes y comunicaciones

integración sistemas multimedia y audiovisuales

soluciones de almacenamiento

infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa



## MERCADO

- STANDS DE EXPOSICIÓN
- ESPAZO DE VENDA

Proxectos Culturais e Audiovisuais  
Equipos Técnicos

## FORO

- CURSO MONOGRÁFICO:

Marketing Internacional de Obras Audiovisuais

- SEMINARIO TÉCNICO:

Os Novos Formatos HD de Baixo Custe

- MESAS REDONDAS:

Proxectos Culturais  
Proxectos Audiovisuais

- MESAS FORO CAFÉ:

A Nova Televisión Dixital

A Curtametraxe

## MOSTRA

- CONCURSO DE CURTAS

Curtas de Ficción  
Documentario

- VISIONADO DE MÁIS DE 100 CURTAS NON STOP

[www.novafactory.org](http://www.novafactory.org)

A Fábrica  
Rúa do Inglés  
13172 Perillo-Oleiros  
Tfno 981 636 598  
981 648 309  
Info@novafactory.org



**1-2-3-4**  
**DECEMBRO**

# NOVAFACTORY 05

# INFÓRMATE!!!

## 981 636 598

